

viveiro

A falta de axudas deixa morrer O Naseiro, unha das festas máis tradicionais da comarca. **Páx. 9**

burela

A Feira do Bonito presenta o cartel e confirma a actuación de Walls. **Páx. 13**

ourol

O Festival Aturuxo reunirá en Bravos recoñecidos artistas o 19 e 20 de xullo. **Páx. 17**

riotorto

Entra en funcionamento a planta de transferencia, que abastece a varios concellos. **Páx. 21**

deportes

A Escola de Ximnasia Porta Norte, que adestra a 150 nenas, fai balance do ano. **Páx. 30**

Compromisos de xullo

A Mariña prepárase para os eventos imprescindibles no programa do verán como son o Ribadeo Indiano, a Romaxe Viquinga e O Carme



foz. Arrancan o 12 unhas celebracións que reflicten a súa tradición mariñeira.

ribadeo. Rende tributo ao seu pasado indiano na cita anual do 12 ao 14.

o vicedo. Os viquingos volverán invadir a costa os días 26 e 27 de xullo.

O comité de Alcoa quiere ampliar a balsa

Negouse a negociar coa multinacional ningún cambio no acordo de viabilidade técnica. **Páx. 2**

A gastronomía, o centro das festas de verán

Facemos un percorrido polas principais celebracións na provincia. **Páx. 24-25**

Pensamento e Sementeira



O colectivo renova enerxías e estrea etapa baixo unha nova directiva. **Páx. 10**

Escola infantil de Alfoz



Coñecemos o centro, cunha metodoloxía activa e un ambiente familiar. **Páx. 14**

Equus Norte



A asociación organiza na Pontenova a Rapa das Bestas o 20 de xullo. **Páx. 16**

A Deputación adxudica a Teleasistencia

Destina un total de 400.000 euros a este servizo 24 horas, que atende nos 67 concellos. **Páx. 27**

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605

A MARIÑA



Nace o Colectivo de Gastronomía da Mariña

En Viveiro foron presentados o Plan Director de Turismo Gastronómico da Mariña e o Colectivo de Gastronomía da Mariña, xurdidos ao abeiro do Plan de Sostibilidade Turística xestionado pola Mancomunidade de Concellos da Mariña. A presidenta da Mancomunidade, Rocío López, dixo que con este acto pretenden darlle visibilidade ao traballo realizado nos últimos meses no ámbito do impulso e promoción do turismo gastronómico na Mariña.

Un destino que, pola súa potencialidade, “aspira a destacar dentro do turismo gastronómico en Galicia cunha proposta máis competitiva, asociada a valores como o respecto pola cultural local, a tradición, a autenticidade e a sostibilidade”. Este plan ten por obxecto propoñer unha estratexia ben definida e consensua-

da para o turismo gastronómico no destino e que aportará ferramentas para avanzar de cara ao fortalecemento e integración do valor da nosa gastronomía no turismo do territorio.

No contexto de elaboración deste plan xurdiu a creación do Colectivo de Gastronomía da Mariña. “María Teresa Iglesias Basanta (do restaurante Javier Montero) e José Cuadrado Oural (da Cooperativa Terras da Mariña), son a presidenta e o vicepresidente do colectivo, que pretende dar voz aos diferentes axentes da cadea de valor da gastronomía na comarca e que reúne a profesionais que apostan por defender e divulgar o valor do seu traballo, colaborar na súa preservación de cara ao futuro, e enriquecer e preservar a gastronomía como un feito cultural propio e único”.

O comité de Alcoa urxe a investir en ampliar o embalse

Na última asemblea, o comité de empresa de Alcoa trasladou que non van a renegociar coa multinacional ningún cambio no acordo de viabilidade da fábrica. O presidente do comité, José Antonio Zan, asegura que esixirán que a participación da SEPI e do Igape nun hipotético proceso de venda da fábrica e pídelle ás administracións un prezo competitivo da enerxía que garanta a viabilidade do complexo.

Ademais, solicitaron unha xuntanza co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; coa directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría e co secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández para recibir información sobre o embalse de lodos e os parques eólicos da Xunta. Tamén piden unha reunión co secretario xeral do PSdeG, José Ramón Besteiro, e a socialista Patricia Otero para informarse da situación dos parques de transición ecolóxica. Por último, demandan un encontro coas asesorías xurídicas da Xunta e do Goberno para traballar co comité e sindicatos sobre “os posibles delitos de estafa, sabotaxe, alzamento de bens e rotura da paz social ao romper o convenio e os acordos firmados”.



Ademais, demándanlle a Alcoa que aprobe con urxencia a inversión do proxecto de ampliación do DBR ata a cota 104. Esta petición, que chega despois de que Sanidade aclare residuo perigoso ao material depositado no DBR, ten como obxectivo empezar de inmediato a contratación das empresas concesionarias da obra. Trátase dunha aprobación, sinalan, “necesaria para chegar a tempo á finalización das obras sen ter que para ou reducir máis a produción da planta”.

Pola súa parte, tal e como se explicou na 18ª reunión de seguimento do acordo de viabilidade, Alcoa presentou unha serie de ofertas non

vinculantes para a posible venda do complexo de San Cibrao e solicitou que se amplien os prazos do proceso porque as propias compañías pediron máis tempo para concretar as súas propostas. Sinalaron que contactaron con 67 potenciais interesados e 1/3 firmaron un contrato de confidencialidade e que recibiron xa seis respostas non vinculantes, pero que non se poden considerar ofertas. Ao mesmo tempo, o Goberno de España sostivo no encontro que segue traballando e analizando medidas que favorezan unha solución pactada entre empresa e traballadores para o que pide a máxima colaboración e implicación á Xunta.

Cervo, Mondoñedo e Xove acollen cursos de apicultura

A área de Rural, Mar e Mocidade da Vicepresidencia da Deputación de Lugo continúa a desenvolver o programa de formación en apicultura, destinado a ampliar e actualizar os coñecementos de apicultores e apicultoras e espertar o interese pola apicultura entre as persoas máis novas, promovendo a súa iniciación na actividade.

Trátase dunha iniciativa que inclúe cursos nos concellos de Vilalba, O Valadouro, Xove, Pantón, Muras, Mondoñedo e Cervo nos meses de xuño, xullo agosto e

setembro e que conta coa colaboración da Casa do Mel de Goente, que se encargará de impartir a formación.

Os cursos teñen unha parte teórica e outra práctica, que se desenvolverá en colmeas de particulares. As persoas interesadas en asistir teñen que anotarse no enderezo electrónico casadomel@vodafone.es ou no teléfono 661 003 616.

No Valadouro xa se celebrou sobre formas de manexo na colmea para a loita contra a velutina, do

29 ao 30 de xuño. En Xove comezaron co tema da cría de raíñas con abella autóctona o día 6 e continuarán ata o 19 de xullo (de 9 a 14 horas) na Casa da Cultura.

No mes de setembro será a queda de Cervo e Mondoñedo. No primeiro falarán de formas de manexo na colmea para a loita contra a velutina os días 14 e 15 (de 9 a 14 horas) no Museo do Mar de San Cibrao. En Mondoñedo tratarán o mesmo tema pero o 23 e 24 de setembro (de 9 a 14 horas), no IES San Rosendo.

O xulgado dálle a razón ao Consorcio no conflito cos bombeiros na folga

O Xulgado do Social número 4 de Lugo rexeitou, tal e como solicitaban o comité de folga, UXT, CSIF e o Sindicato Independente de Bombeiros de Galicia, que o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento deba indemnizalos con 15.000 euros por recorrer á contratación temporal para paliar os efectos da folga indefinida que tivo lugar entre xuño e outubro de 2023. A maxistrada explica que “en todas e cada unha das contratacións se fai referencia ao traballador que vai ser substituído, excepto un contrato que se celebra en xullo de 2023 -dun mes de duración- que se fai referencia á necesidade de persoal debido ao incremento da poboación, escaseza de persoal e á situación de folga”. Por iso, esa contratación, segundo a xuíza, “si pode

ser cualificada como un atentado ao dereito de folga, debido a que se celebra o contrato para contrarrestar os seus efectos”.

Con todo, a xuíza destaca que esa contratación hai que poñela en relación “co comportamento abusivo mantido polos bombeiros” durante ese período, pois asegura que “non actuaron con boa fe, debido a que incumpriron a obriga imposta no contrato e no convenio de permanecer no servizo de garda mentres non se presentase o efectivo saínte”, o que provocou, en ocasións, o peche de parques debido á falta de bombeiros. Por iso, só acolleu parcialmente a demanda e declarou que o Consorcio vulnerou o dereito de folga ao contratar a un traballador un mes. Con todo, rexeitou que a entidade deba indemnizar ás demandantes.



CURSO 2024/2025
Reservar tu plaza en Foz
para el nuevo curso

Preparados por
Cambridge
English Qualifications



Reserva ahora!

982 103 377

605 738 247

www.rocklandsacademy.es/matricula



Presentan as audioguías ficcionadas de Xove e Burela

Presentan as audioguías ficcionadas dos municipios de Xove e Burela. A presentación oficial tivo lugar no paseo etnográfico da Baleeira de Morás, a onde asistiron a alcaldesa e o alcalde dos concellos que estreaban as audioguías, a presidenta da Mancomunidade de Municipios da Mariña e membros da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia.

Asistiron tamén membros do Grupo de Teatro Chévere (Premio Nacional de Teatro, 2014), encargados da elaboración do proxecto. As audioguías están financiadas por convenios de colaboración e do Plan de Sostibilidade Turística na Mariña Lucense 2022-2024, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia, e a Secretaría de Estado de Turismo, coa e participan os municipios escenarios das guías. A guía de Burela, baixo o nome de O mar dos pataqueiros, propón un



paseo pola vila para coñecer os diferentes recunchos nos que emerge un interesante legado mariñeiro, agrícola e industrial. A de Xove titúlase Tomás Mariño en Morás, entre baleas, dolos e Zeppelins e rescataa figura de don Tomás Mariño, o ilustre mariñán que inventou o dirixible dezaseis anos antes que

o conde alemán Zeppelin, cuxo invento había pasar á historia co seu nome. A audioguía permite achegarnos a este home brillante a través da súa voz, e descubrir o que significou para a paisaxe a entrada na era industrial do pobo de Morás, de Xove, e de toda a comarca da Mariña.

O PP salienta que a Xunta destina 5,6 millóns para o SAF

A deputada do Grupo Popular Raquel Arias salientou, nunha mesa redonda celebrada en Foz sobre servizos sociais básicos prestados nos concellos, que a Xunta destina anualmente máis de 5,6 millóns de euros á prestación do servizo de axuda no fogar nos municipios da Mariña lucense, destacando os máis de 840.000 euros que recibe Viveiro, os case 760.000 euros de Foz ou os 450.000 de Ribadeo. Concretou que na actualidade 923 persoas reciben servizo de axuda no fogar na comarca da Mariña lucense, que van desde as 102 persoas de Foz ou Viveiro aos 19 de Ourense ou os 37 de O Vicedo.

Suspensión cautelar do parque eólico de Piago

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acordou a suspensión cautelar de seis parques eólicos autorizados pola Xunta ao entender acreditada a existencia do periculum in mora, que forma parte da esencia da medida cautelar. En concreto, decretou a paralización cautelar dos parques Estivada -situado en Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla-; Piago -situado en Cervo, Xove, Viveiro e Valadouro (Lugo)-, Alvite II -situado en Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña)-; Valdepereira -situado en Lalín (Pontevedra) e O Irixo

(Ourense); Coto Loureiro -situado na Laracha e Cerceda (A Coruña) e Feás -situado en Aranga e Coirós (A Coruña).

Nos seis casos analizados, a Sala conclúe que se acreditaron os prexuízos que as instalacións poderían ocasionar a valores ambientais sensibles, así como a presenza nesas zonas de especies vulnerables ou en perigo de extinción. No auto relativo ao de Piago, sinala que se considera probada, de forma indiciaria, "a afección visual e paisaxística, tanto á Rede Natura como ás áreas de especial protección da paisaxe".



A EOI abre a súa matrícula coa opción de clases semipresenciais

Alemán, francés, inglés e italiano eses son os idiomas que ofrecen para o vindeiro curso na EOI de Viveiro. En lingua inglesa ofertan os tres niveis (básico, intermedio e avanzado) en Viveiro e Burela. Ademais, contan coa opción de clases semipresenciais de C1 en Burela e de B2 e C2 en Viveiro e de clases de conversación e de escoita, sen exames, para os niveis B1 e B2 tamén en Burela e Viveiro cunha sesión de 2 horas á semana.

Completan o programa o nivel básico (A1-A2) e intermedio (B1-B2) de alemán e os tres niveis de italiano e francés. Os interesados en apuntarse a francés contan coa opción de clases de conversación e de escoita, sen exames, para os niveis B2 e C1 cunha sesión de 2 horas á semana en Viveiro.

A EOI de Viveiro xa ten aberta a súa matrícula para o alumnado convocado para a convocatoria extraordinaria e que continúe os

seus estudos ata o 5 de xullo, sen que necesiten facer unha preinscripción. No caso do alumnado de novo acceso poderán realizar a súa matrícula en liña, sen necesidade de presentar ningunha documentación, tamén ata o 5 de xullo. A partir do 9 de xullo poderán consultar se están admitidos ou non.

A matrícula farase en liña do 9 ao 19 de xullo. No caso de ter coñecemento previo nun idioma pódese facer a probar de clasificación o 9 de setembro, con preinscripción aberta do 2 ao 6 de setembro ou presentar a titulación correspondente (ESO, BAC). Se algunha persoa está interesada en practicar conserva en francés ou inglés sen exames ofrecen un curso de competencias orais B1 e B2 de inglés e outro de B2 e C1 de francés. Os interesados de facer a matrícula ou de coñecer máis información poden dirixirse á páxina web do centro.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com



Entregados os premios do III Certame de Teatro Afeccionado

O III Certame de Teatro Afeccionado Jose Luis López Lorenzo O Poto, organizado polo Concello de Foz, finalizou coa gala de entrega de premios, que foi conducida por Marián Bañobre e Isabel Risco.

Nun ambiente de compañeirismo e ledicia entregáronse os premios nas distintas categorías. O premio de Mellor Actor foi para Xulio Leal (Don Santiago), por A Lola, de Avelaíña Teatro; e a Mellor Actriz para Andrea Castro (Alfonsina), por Salón Alfonsina, de Vicus Teatro.

A Mellor dirección e a Mellor posta en escena correspondeu Cristina Mariño, por De Marzo a Marzo, de Opaí Teatro e o Mellor guiño entre-

gouse a Andrea Castro e Pablo Carreira, por Salón Alfonsina, de Vicus Teatro. Houbo un accésit para a mellor obra infantil para A volta ao mundo en 80 notas, da Asociación Cultural Curuxán.

A segunda Mellor Representación foi a de De Marzo a Marzo, de Opaí Teatro e a primeira para O traballo de Andrea, do Colectivo Cultural Ollomao.

Dende o departamento de Cultura do Concello de Foz agradecen “a todos os participantes, seleccionados ou non, o seu traballo e agardamos que volvan o ano que ven para facernos desfrutar co seu teatro”, finaliza a concelleira de Cultura, Inés López.

Contratan máis persoal para reforzar as tarefas de roza nas estradas

Foz reforza as tarefas de roza coa contratación de máis persoal. Comezará a traballar un novo tractorista en horario de tarde, que se sumará aos dous oficiais que están a facer agora as tarefas de roza e limpeza de camiños e paseos marítimos no concello. Desta maneira, un dos dous tractores dos que dispón o Concello traballará en dobre quenda para avanzar a un maior ritmo.

“As temperaturas suaves e as choivas dos últimos meses están a favorecer o crecemento da herba, polo que dispoñer de máis medios resulta moi importante”, destaca o alcalde, Fran Cajoto. O martes 25 incorpórase un novo xardineiro despois dos últimos procesos selectivos realizados, que virá a reforzar as tarefas.

O rexedor municipal informa que estes dous traballadores son contratados como fixos discontinuos, de forma que pasarán a formar par-

te do cadro de persoal e o vindeiro ano 2025 exercerán as súas funcións durante sete meses, de marzo a setembro: “Imos dispoñer antes dos reforzos, o que vai a favorecer os traballos; estamos a incrementar servizos clave para ter o pobo limpo e coidado”, explica Fran Cajoto.

Neste sentido, o alcalde recorda que, coa modificación de relación de postos de traballo de xuño do pasado ano 2023, os reforzos para a limpeza viaria, recollida de lixo e servizo de salvamento son traballadores fixos que todos os veráns se reincorporan aos seus postos de traballo. “O plan verán xa está feito, entre outras cousas porque debemos cumprir a lei e garantir unha estabilidade aos traballadores. Ultimamente escoitamos de todo. Ano a ano imos reforzando con recursos municipais o persoal para mellorar un pobo que avanza na senda de crecemento”, remata.

Pregón, verbenas e alfombras florais nas festas do Carme

O Concello e a comisión O Noso Foz presentaron o cartel das festas do Carme e máis actividades para este mes de xullo. Este ano a temporada estival estará chea de actividades en Foz: música, teatro, danza, literatura, exposicións, homenaxes, actividades para os máis pequenos, etcétera, que encherán os parques, rúas, prazas e edificios. Esta primeira semana de xullo comeza con múltiples actividades, que serven como antesala á semana grande da patroa.

O venres 5 darán comezo os concertos de Sons na Rúa, que poñerán música todos os venres dos meses de verán. Nesta ocasión será a quenda da aula de música moderna da Escola de Música, que tocará no paseo da Rapadoira ás nove da noite. Ese mesmo venres no CENIMA inaugurarase a exposición retrospectiva da obra de Chus Lage a partir das 19.30 horas. “O sábado 6 terá lugar a homenaxe a Olimpia Pérez, unha veciña cunha historia digna de contar; haberá charla e exposición, será tamén no CENIMA a partir das 19.30 horas. Os días 5 e 6 a partir das 19.00 horas e ata a 1.00 horas na praza conde de Fontao estará a actividade Interactive super grid, que é para nenos e maiores e consiste nun taboleiro de luces led no que terás que intentar pisar só onde o xogo che indique”, explica a concelleira de Cultura, Inés López Couto.

Xa a semana seguinte comeza o forte das festas do Carme. O venres 12 o Sons na Rúa será na praza Conde de Fontao, coa actuación de Mar Aberto a partir das 21 horas. “O sábado 13 a partir das 19.30 horas a Sala Bahía acollerá a presentación dos libros de Antón Niñe e Xoán R. Fernández Pacios, unhas edicións moi especiais para o Concello de Foz. E ese mesmo día a partir das 22.30 horas o Festival A Nosa Fala acollerá na Praza Rosalía de Castro (Campo da Cabana) a actuación de Mallou e Habelas Hainas”, expón o concelleiro de Festas, Ángel Fernández Neira.

PREGÓN E VERBENAS. O domingo 14 de xullo a partir das 20.30 horas na igrexa parroquial de Foz será o pregón das festas, este ano ofrecido por Salustiano Alonso Escalera. Ese mesmo día comezará a verbena, a cargo do grupo La Bamba, na explanada portuaria. O luns día 15, o día das alfombras, a sesión vermú estará amenizada pola orquestra Escapate e pola noite será a quenda de Kubo xunto con Escapate.

“Esa noite Foz estará cheo de vida



coa creación das alfombras florais; todo aquel que queira colaborar os días previos na obtención dos materiais e o mesmo día poderá poñerse en contacto cos equipos das rúas no teléfono 982 140 027 extensión 3. Esperamos que a xente se anime a colaborar na realización das alfombras florais que fan aínda máis especial a festa do Carme de Foz”, engade.

O día grande será o martes 16 coa misa cantada por Mar Aberto ás 12 da mañá e despois a procesión. A sesión vermú estará amenizada polo grupo D’Cano e a verbena por D’Cano e a orquestra Los Satélites. O día 17, como colofón, haberá fes-

ta infantil gratuita e chegará a Foz o festival de danza Abanea (no paseo da Rapadoira). “Queremos que @s nen@s teñan unha xornada de peche das festas dedicada a eles”, comenta Fátima Novo, presidenta de O Noso Foz.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explica que “as Festas do Carme son as que teñen un maior sentimento en Foz e son para nós moi importantes, por iso mimamos os detalles de todo o que facemos”. O alcalde, concelleiros e a presidenta da comisión de festas agradecen a Francisco Lestegás a cesión da fotografía que ilustra o cartel e desexan a veciños e visitantes unhas boas Festas do Carme.



Traballan na nova edición da Festa Normanda

Permanece aberto o prazo de inscrición para participar no mercado da Festa Normanda que se celebrará os días 29, 30, 31 de agosto e 1 de setembro de 2024. Os interesados poden poñerse en contacto coa asociación a través do correo mercadonormando@hotmail.com.

A Festa Normanda é unha das celebracións máis recentes que se celebran en Foz, aínda que esta cita que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense xa está máis que

consolidada no calendario. De momento, non hai confirmación do programa pero nas últimas edicións os asistentes puideron gozar dun mercado medieval, unha obra teatral que teatraliza o desembarco e o afundimento dos barcos viquingos ademais de actividades, xogos e teatro para os máis pequenos. Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focega de Tupide, o desembarco viquingo e o combate entre a poboación e os invasores normandos.

San Martiño prepárase para celebrar o Carme



A asociación O Carmen, da parroquia focega de San Martiño, presenta o programa das festas que contan coa colaboración do Concello de Foz e que será os días 10, 20 e 21 de xullo. O venres haberá cea popular a partir das 21.00 horas con empanada, chourizo e pan por un prezo de 8 euros.

A verbena dará comezo ás 22.30 da man de Fania Blanco Show e o Grupo Beatriz. A celebración continúa o sábado con misa ás 13.30 horas, procesión e sesión vermú co grupo Fénix, que estará acompañado pola disco móbil Conxuro na verbena. O último día, o domingo, haberá de novo misa ás 13.30 horas, procesión e sesión vermú co grupo Guayaba.

Foz aproba o PXOM en Pleno

O Concello de Foz levou a pleno a aprobación definitiva e completa do Plan Xeral de Ordenación Municipal. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, lembra que “o 18 de setembro do ano 2018 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta “aprobou parcialmente o Plan Xeral de Foz, deixando en suspenso tres zonas: terreos clasificados como urbanos entre a estrada nacional N642 e o ferrocarril, terreos clasificados como solos urbanizables industriais no entorno do parque empresarial de Foz, situado en Fazouro, e os terreos da parroquia de Cordido clasificados como solo de núcleo rural”.

Esta aprobación parcial “provocou un grave prexuízo aos veciños de Cordido, que desde esa data non poden obter licenza para vivendas en ningún terreo da parroquia. Ao derrogar o goberno de Castiñeira as vellas Normas Subsidiarias e suspender a Consellería o Plan Xeral para o solo de núcleo rural nesta parroquia, provocouse unha situación de blo-

queo que imposibilita a día de hoxe construír novas vivendas”.

Asegura que Castiñeira “aprobou o PXOM sen legalizar as captacións e a Xunta de Galicia suspendeu o Plan Xeral na parroquia de Cordido por este motivo. Desde o primeiro minuto que entramos a gobernar estivemos traballando para legalizar a captación diante de Augas de Galicia e conseguir a aprobación definitiva e completa do PXOM, para solucionar unha situación de bloqueo que herdamos coa alcaldía”.

En novembro do pasado ano 2023 o Concello obtivo de Augas de Galicia a ampliación de caudal do río Ouro e en febreiro do presente 2024 ano a legalización da captación de Cordido. O 4 de abril o alcalde de Foz xunto a técnicos municipais e redactores do PXOM mantivo unha reunión en Santiago coa directora Xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas.

DESBLOQUEO. “Estoulle moi agradecido por recibirmos con dilixencia e por ser unha verdadeira reunión

de traballo, na que se definiron os documentos que había que achegar para desbloquear a situación actual do PXOM. Estivemos traballando estes dous meses e agora lévase a pleno, co obxectivo claro de que aquel que queira construír unha vivenda en Cordido poida facelo e que non se desaproveite unha oportunidade de xerar emprego no parque empresarial se aparecen inversores para desenrolar o solo urbanizable industrial”, engade Fran Cajoto. Unha vez aprobado en pleno o documento será remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa aprobación definitiva e completa.

Pola súa parte, os concelleiros do Grupo Municipal do PP aseguran que “Cajoto minte cando di que vai aprobar definitivamente o PXOM, xa que o 95 % está aprobado de xeito definitivo desde o 2018”. “Estupefactos nos quedamos e supoñemos que tamén algúns dos seus compañeiros que aprobamos no seu día o Plan Xeral de Foz”, sinala o Castiñeira.

A Plataforma de afectados pide unha mesa de negociación

A Plataforma de Afectados pola suba de tarifas da Residencia e Centro de Día de Foz pronúnciase tras a paralización da nova concesión polo Tacgal e a resposta do Concello. Para eles confirma a liña de conduta seguida polo alcalde ata este momento, “caracterizada por unha combinación de falta de sensibilidade social e transparencia, improvisación e medias verdades, e total ausencia de diálogo real cos afectados”.

Aseguran que revisaron a información polo que “é falsa a afirmación do alcalde de que o Tacgal lle deu a razón ao Concello nos tres recursos anteriores presentados”. Para eles “o que selectivamente oculta a nota son as causas e as súas consecuencias, que non son menores: naquela ocasión, o Tacgal directamente anulou a concesión porque os pregos de licitación eran contrarios á lei”. Agora anulan o acordo do Pleno porque non se cumpriron as regras que para a concesión establecían os pregos. “O Concello incumpriu a súas propias normas: diante dunha puntuación moi alta, que automaticamente convertía a oferta en anómala, a Mesa de Contratación debería ter recadado unha serie de informes adicionais, o cal non fixo”.

Sinalan unha Mesa de Contratación “na que o único representante político é Francisco Cajoto, algo rechamante pois, tratándose como se trata dun contrato que ronda os 10 millóns de euros, nin a oposición nin tan sequera os seus socios de goberno ou outros concelleiros do seu propio partido acompañano”. Porén, ao ser necesario que volva de novo ao Pleno, “ábrese a posibilidade de que se reconsideren os termos da concesión”. A Plataforma dirixirase tamén á Concelleira de Asuntos Sociais para que se convoque unha mesa de negociación con anterioridade á celebración do Pleno.

Entregados os premios do Certame literario das Letras Galegas

O Concello de Foz fixo entrega dos premios do Certame de Narración e Debuxo Infantil das Letras Galegas aos alumnos participantes do colexio Número 1 de Foz. Os doutros centros recibiran os próximos días. Os premiados no apartado de debuxo foron: na categoría de ata 8 anos, Aldara Sánchez Rodríguez (Nº 1), Martina Pardo Vázquez (Pilar) e Paula Posada Fernández (Pilar); na categoría de 9

a 11 anos, Sara Rodríguez Martínez (Pilar), Elisa Pernas Suárez (Pilar) e Luis Goás Fernández (Pilar); na categoría de 12 a 16 anos, Carla Iravedra García (Pilar), Valería Montoya López (Pilar) e Elena Castro Sanjurjo (Pilar).

Os premios en narración foron: na categoría de ata 8 anos, Roma Valhermoso Ramírez (Nº 1), Didac García Díaz (Nº 1) e Aldara Sánchez Rodríguez (Nº 1); na categoría



de 9 a 11 anos, Mía Santos Seijo (Cantel); e na categoría de 12 a 16 anos, Carla Iravedra García (Pilar). A concelleira de Cultura e a técnico de biblioteca, Marta Carrera, achegáronse ata o colexio Número 1 a felicitar ás nenas e nenos. “É moi

bonito ver que están moi contentos en participar e fixeron un traballo excelente todos”, explica Inés López.

No certame provincial as obras dos participantes de Foz recibiron dous premios.





Volve ao aeródromo de Ribadeo a Air Meeting

Os días 27 e 28 de xullo terá lugar no aeródromo de Vilaframil a Ribadeo Air Meeting, que organiza a Asociación de Aeromodelismo Nordés. Javier Cuba, o secretario do colectivo, explicou que son “85 os inscritos dos que 22 son socios nosos, os outros 63 chegan desde distintas comunidades e mesmo doutros países. Serán unhas 150 persoas, entre participantes e acompañantes, os que se acerquen a comer e a desfrutar desa fin de semana en Ribadeo. Moita xente acampará no lugar de vo e outra hospedarase en hoteis locais”.

Os participantes veñen de todas as provincias de Galicia, Asturias, País Vasco, Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía, Madrid, Castilla La Mancha, Castilla y León, Canarias, Extremadura, Aragón e tamén de Portugal. “Mesmo vén un piloto desde Uruguay, que se trae o seu aeromodelo e o seu avión desde alí”. Os pilotos invitados este ano serán Martin Pickering, Raquel Bellot e está un 99,9 % confirmado Pedro

Precioso, que xa veu o ano pasado. Virán tamén empresarios do sector do aeromodelismo desde Sevilla e Granada.

Javier Cuba subliñou que “está permitida la asistencia de público, sempre cumprindo as normas”. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, dixo que “desde o Concello colaboraremos coa celebración deste evento e apoiaremos a celebración destas espectaculares exhibicións, nas que se dan cita os mellores do mundo nesta práctica deportiva poñendo no mapa o nome de Ribadeo no estranxeiro e serve como apoio ao turismo, ao comercio e á hostalería”.

No acto de presentación participaron o alcalde, Dani Vega, o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, así como o presidente, o secretario e o tesoureiro da Asociación de Aeromodelismo Nordés, Francisco José González, Javier Cuba e Samuel Carlos Rodríguez.

Regresa á localidade o Mercado dos Domingos

Do 30 de xuño ao 13 de outubro terá lugar unha nova edición do Mercado dos Domingos. Coa chegada do verán, retómanse actividades e tradicións propias desta época. “Unha delas é o Mercado dos Domingos, que xa vai pola vixésima terceira edición e que se desenvolve nas inmediacións da Praza de Abastos de Ribadeo cada domingo de verán. A nova tempada dará comezo este mesmo domingo, 30 de xuño, e rematará o 13 de outubro”, explicou a concelleira de Comercio, Marta Saiz.

O Concello de Ribadeo organiza este mercado en colaboración coa Asociación de Produtores da Horta A Sucadoira. Saiz dixo que “se trata dun mercado de proximidade de produtoras e produtores da zona, sen intermediarios, onde se poden

atopar produtos da horta, pan, ostros, queixo, embutidos, zumes e marmeladas, coitelería, doces, setas, e como novidade haberá mel e derivados”.

O Mercado dos Domingos “pon en valor a economía de proximidade, potenciando o consumo de tempada e saudable, cuidando do medio, beneficiando a nosa economía local e dinamizando a vila”. Terá lugar, como cada ano, na contorna da Praza de Abastos de Ribadeo en horario de 9.00 a 14.00 horas. Congregará a 17 produtores e produtoras da zona.

Coa posta en marcha desta nova edición, ao longo de máis de tres meses, ata o 13 de outubro, contárase “cun espazo máis para o encontro da alimentación, a sustentabilidade e a agroecoloxía”.

Ribadeo mellora os camiños de todas as súas parroquias

O Plan Avanza Rural de Ribadeo chegará ás parroquias nas que mellorará os camiños coa axuda dunha motoniveladora, dunha pala e dun camión. O alcalde, Dani Vega, dixo que seguen xestionando orzamento e todo tipo de recursos para que Ribadeo avance. “Neste caso, dentro do Plan Avanza Rural estamos xestionando recursos para arranxar os nosos camiños. Falamos dunha motoniveladora, estamos falando de pala e camión. Con isto o que queremos é mellorar todos os camiños que estaban despois de moitísimos anos certamente abandonados”.

Houbo unha primeira parte que era roza e limpeza de toda a maleza e agora, “limparanse todas as cunetas coa motoniveladora, tamén ese punto de apoio con pala e camión, polo tanto son recursos que ao Concello non lle custan, xa que foi unha xestión e unha colaboración a través de Medio Rural e estamos mellorando todos os camiños”.

Vega explicou que “primeiro escoitamos ás asociacións, tamén aos veci-



ños, para que nos detectaran ou que nos priorizaran, mellor dito, cales son os camiños que en peor estado están. Despois iremos por todas as parroquias, empezamos en Vilaselán, actuamos xa tamén en Piñeira, vamos facer esa primeira limpeza de toda a terra que está obstruíndo as cunetas, e despois en moitas delas que están certamente moi deterioradas aportaráselles saburra para mellorar o pavimento”.

Non solo actúan nas vías de comunicación con aglomerado, “senón tamén que despois de moitos anos certamente de abandono actuamos nas pistas, nos camiños, que tamén necesitan unha mellora. Seguimos xestionando o que vén sendo fondos e orzamento para mellorar todo o tipo de infraestruturas e tamén material, equipamento para mellorar os camiños das nosas parroquias”.



Marchan a bo ritmo as obras no Hospital Asilo

O alcalde de Ribadeo, Daniel Vega, supervisou as obras do Hospital Asilo e o rexedor dixo que marchan a bo ritmo e anunciou que a conselleira de Política Social, Fabiola García, viaxará a Ribadeo para asinar un convenio por importe de 700.000 euros destinados a financiar parte destes traballos.

Vega subliñou que “desde un punto de vista financeiro estamos xestionando o orzamento para eliminar o crédito que se sacara de 900.000 euros e desde un punto de vista de obras estamos sendo rigorosos, estritos e estamos velando polo cumprimento do contrato da licitación. E dende logo nosoutros, como Concello, debemos facer as cousas desde a responsabilidade, sen ningún tipo de nerviosismo, sen ningún tipo de

despiste”.

O alcalde indicou que “o que estamos é a traballar, a mellorar e a ter unha futura residencia moderna, con todas as prestacións, con un bo equipamento e así acoller as persoas que queremos”.

Desde o BNG de Ribadeo celebran o anuncio do convenio de colaboración pero din que “permaneceremos atentos a que se faga efectivo e apareza publicado no DOG canto antes”. En palabras do voceiro, Pablo Vizoso: “Non debemos esquecer que a competencia de Benestar Social é da Xunta de Galicia polo que seguimos defendendo que debería terse feito cargo do total da reforma. Aínda así, consideramos que é un paso adiante que servirá ademais para aliviar as maltreitas arcas municipais”.

EN BREVE

RUTAS SAUDABLES. O Concello de Ribadeo e a Asociación Española contra o Cancro de Lugo poñen en marcha as Rutas Saudables os martes e xoves a partir das 9.45 horas. O punto de saída será a Praza de Abastos. Para participar é preciso inscribirse en lugo@contraelcancer.es ou no teléfono 639 26 23 12.

EMMED. Ata as 14.00 horas do 15 de xullo está un prazo de solicitude de matrícula na EMMED para o curso 2024/2025 para novo alumnado. Fírase de xeito telemático a través dun formulario que se atopará na páxina web da escola.

RECICLAXE. Ribadeo dobrou a media estatal de recollida de envases en 2023 e a media galega de papel e cartón. Estes foron os datos que Ecoembes lle facilitou ao Concello. Se recolleron en envases 38 kg/habitante cando a media estatal é de 20,4 e a galega de 15,1. E en papel-cartón recolléronse 31,1 kg/habitante cando a media estatal é de 19,6 e a galega 15,2.

EXPOSICIÓN. Do 14 de xuño ao 17 de agosto poderase visitar no Forte de San Damián de Ribadeo a exposición do escultor Eduardo Rodríguez Osorio. A mostra, que será inaugurada 19.00 horas, foi presentada no salón de plenos do Concello.

As actividades do Ribadeo Indiano arrancarán o día 12

O Concello de Ribadeo acolleu a presentación do programa do IX Ribadeo Indiano, que estivo precedido das vésperas e antevésperas. Ducas de actividades desenvolveranse do 12 ao 14 de xullo en Ribadeo e tamén na Devesa.

Este ano estarán presentes actuacións musicais, teatro na rúa, visitas guiadas polo noso legado, coches clásicos, xincanas, actividades infantís, obradoiros de bailes, verbenas tradicionais, etc. O deporte volve da man de diferentes entidades asociativas, brindando a posibilidade de participar en torneos de billarda, petanca e dominó. Para os/as máis movidos/as, non faltarán obradoiros e demostracións de baile con ritmos latinos e caribeños. E o domingo 14 de xullo a Devesa seguirá a ser un lugar de referencia, gran parte dos actos festivos terán lugar no Círculo Habanero desta parroquia. Sesión vermú, actuacións musicais, paseos guiados e o famoso xantar campestre formarán parte do programa.

Os tickets para o xantar campestre estarán a venda na Oficina de Turismo de Ribadeo en horario de mañá a partir do 1 de xullo. Como nas últimas edicións o Festival de Habaneras e Música Hispanoamericana estará integrado no evento é celebrarse o sábado 13 de xullo. Tamén, volveremos contar cun mercadillo de produtos de ultramar (os interesados en participar xa poden atopar as bases para a inscrición na páxina web do Concello).

Como novidade o sábado 13 de xullo contaremos cun espazo gastronómico a carón do Concello. Tratarase dun servizo de catering rápido, que xorde da necesidade de reforzar aos establecementos de restauración.

Un ano máis contarán co sorteo dunha viaxe a Cuba para dúas persoas, que terá lugar o 14 de xullo no barrio de San Roque, despois do concerto que ofrecerá Vicente García.

Cruzado Iglesias sinalou que “milleiros de persoas encherán Ribadeo esa fin de semana, así coma outros concellos limítrofes tanto da Mariña como do Occidente asturiano.



Estamos diante dos días máis agardados polos negocios locais, que xa están case repletos de reservas para durmir, para xantar e para cear desde hai moitas semanas. As casas de bebidas e de comidas, engalanadas para a ocasión, ofrecerán o mellor de si ao longo deses días con menús e bebidas típicas das Américas”.

Este evento de carácter multidisciplinar parte do feito da emigración, e este ano terá o contar cunha pregoeira de excepción experta neste

fenómeno Pilar Cagiao, que é profesora titular de Historia de América da USC e directora do Centro Interdisciplinario de Estudos Americanistas Gumersindo Busto da devandita Universidade.

Entre as liñas de investigación que vén desenvolvendo destacan as relativas aos movementos migratorios e ás relacións culturais entre España e América acerca das cales coordinou como Investigadora Principal diversos proxectos.

Incrementéntase a oferta local de visitas guiadas

A Área de Turismo incrementa a súa oferta en visitas guiadas e este ano contará con 13 rutas diferentes, poñendo en valor espazos que ata o de agora non estaban tan presentes, como é o caso do Forte de San Damián. Poñen en marcha esta visita ao Forte de San Damián aproveitando a celebración do 400 aniversario da súa creación. Terá lugar todos os luns. E co afán de poñer en valor o Camiño de Santiago e o Santuario de Nosa Señora das Virtudes retómanse as visitas a esta capela, que alberga un dos conxuntos de pinturas murais tardomedievais máis importantes de Galicia. Esta poderase visitar os domingos ás 11.30 da mañá.

O mércores será a quenda do Riba-

deo Indiano, un paseo guiado para coñecer a historia viva da pegada da emigración a ultramar. No Ribadeo Antigo mostrarase a parte da muralla e o entramado de rúas que prevalece da época medieval. Estas visitas serán os venres. Xa na fin de semana o protagonista será o Ribadeo Ilustrado.

A estas súmanse tres visitas teatralizadas: unha polo Ribadeo Ilustrado que terá lugar os xoves ás 20.30 horas a cargo do grupo de teatro Os Quinquilláns; e as visitas teatrais ao Ribadeo Indiano durante a fin de semana: o sábado ás 12 horas con Suso Martínez, guía-actor, e o domingo ás 20.30 horas con Susana Álvarez, actriz ribadense.



O Círculo Habanero da Devesa estrea unha biblioteca indiana

Ribadeo contará cunha biblioteca indiana no Círculo Habanero da Devesa. Así o anunciou o alcalde, Dani Vega. “A Xunta de Galicia vai investir preto de 18.000 euros para transformar unha das escolas situadas no entorno do Círculo de Habanero nunha biblioteca indiana”, asegurou. Pouco a pouco “vamos mellorando todas as instalacións deste centro que ten unha clara vocación, que é a formación e é a divulgación. Así o deixaron escrito moitos indianos que viñan de volta á nosa terra e que querían que na parroquia da Devesa, no concello de Ribadeo, existira un centro onde conservar un legado cultural, un legado indiano”. Deste

xeito, defenden que o Círculo Habanero “é un centro cultural que debemos conservar”.

O alcalde explicou que a Xunta está colaborando e que está a “retirar toda a madeira vella do teito, sacouse todo e se está incorporando a nova madeira para ter un teito conservado e que tamén estea nunhas boas condicións”. Tamén se van incorporar toda unha serie de mobles: atril para os libros, mesa de lectura, con lámpadas tamén de lectura, sillas, bancos, é dicir todos os elementos fundamentais e necesarios para que verdadeiramente exista no Círculo Habanero unha biblioteca indiana.

Programan cine, sesións musicais e acuáticas

A mocidade gozará de cine na rúa en xullo, de sesións Dj en xullo e agosto, e de actividades acuáticas do 5 ao 8 de agosto na praia dos Bloques. O concelleiro de Mocidade, Francisco José Silvent, explicou que “as actividades que programamos para a mocidade darán comezo o vindeiro mércores, 3 de xullo, con cine na rúa”. No Campo de San Francisco ás 22.30 horas, os días 3, 10, 17, 24 e 31 de xullo proxectaranse películas como *Amigos hasta la muerte*, *Super Mario Bros*, *Salta*, *A praia dos afoga-*

dos e Barbie.

Tamén haberá sesións con Djs na pista de skate. Serán ás 20 horas con Litainer os días 19 de xullo e 9 de agosto e con Pedro Bermúdez o 12 de xullo e o 2 de agosto.

Ademais, na praia dos Bloques do 5 ao 8 de agosto as rapazas e os rapaces que se acheguen ata alí poderán pasalo en grande nun deslizador de auga Z-gravity, que ten un tamaño de 35 metros, e para os máis pequenos estará un tobogán deslizador acuático selva.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



Os híbridos eléctricos terán unha bonificación

Os coches híbridos eléctricos beneficiaríanse en Ribadeo dunha bonificación do 50 % no imposto de vehículos a partir do ano 2025. Así foi aprobado no último pleno celebrado. O alcalde, Daniel Vega, explicou que “estamos a falar da bonificación pola clase de carburante e a súa incidencia no medio ambiente, é dicir a bonificación do 50 % nos coches híbridos eléctricos. Entrará en vigor no seguinte ano presupostario, no 2025”.

Tamén aprobou definitivamente a ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario, é dicir, “as tarifas dos servizos municipais de abastecemento da auga potable, a rede de sumidoiros e depuración, a súa estrutura de custos, o estudo de viabilidade e a revisión de prezos”. A

mellora da accesibilidade nos edificios públicos tamén estivo presente na sesión plenaria. “E no punto último o que fixemos foi modificar o anexo de inversións no ano 2024, é dicir neste presuposto. Aquí o que fixemos foi solicitar unha subvención á Xunta de Galicia, apórtanos 40.000 euros, nós temos que aportar 4.000”.

Así van a construír un ascensor “para mellorar a accesibilidade do edificio da Escola de Música, tamén eliminar esa rampla lateral que impide que calquera persoa con dificultades poida acceder e así temos un edificio accesible con mellores condicións”. Polo tanto, “iremos mellorando a accesibilidade dos edificios públicos e quixemos empezar pola Escola de Música”, engadiu o alcalde, Dani Vega.



Alumnado do Porta da Auga realiza un proxecto sobre a accesibilidade

Alumnado do ciclo de atención a persoas en situación de dependencia, do Centro Integrado de Formación Profesional (CIIFP) Porta da Auga e as profesoras Belén Blanco e Eva Cabanelas, desenvolven un proxecto sobre a accesibilidade de diferentes espazos, públicos e privados, do municipio.

Esta iniciativa, denominada Diverspazo, inclúe a colocación de sinalización específica cun código QR, a través do que se enlaza cunha web que elaboraron para ofrecer información sobre os inmobles municipais e lugares públicos que están adaptados para todas as persoas, incluso as que teñen reducida a súa mobilidade. Este proxecto, incluído no programa Lanzadeiras da Xunta de Galicia, conta coa colaboración do Concello de Ribadeo e na presentación estiveron o alcalde, Dani Vega, e a concelleira Montse Seijo.

A profesora Belén Blanco explica que no primeiro curso do ciclo de atención a persoas en situación de

dependencia crearon “un proxecto relacionado coa diversidade de todo tipo, pero principalmente coa física, centrámonos na motora”. Consiste en analizar os diferentes espazos do municipio para ver cales serían accesibles a persoas que teñen algún tipo de diversidade. “Elaboramos unhas enquisas, que mandamos por Google Forms a máis de 50 centros e entidades que traballan no ámbito da diversidade ou das persoas maiores. Con esas enquisas pretendíamos conseguir información acerca de que é o que fan para organizar excursións e saídas”.

E comprobouse que están un pouco descontentos porque non todos os espazos poden ser desfrutados por completo polas persoas con diversidade, “porque ao mellor nun museo podes ir á primeira planta, pero á segunda ou a certas salas non podes chegar con algúns usuarios porque non hai medidas que debería. E non é só unha rampla, como deixaban moi claro nas enquisas”.

Melloran o peche perimetral e a casa do conserxe do Gregorio Sanz

Ribadeo recibiu a visita do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, que asinou no libro de honra do Concello, anunciou as obras do peche perimetral que o seu departamento acometerá no CEIP Gregorio Sanz, e mantivo un encontro cos directores dos centros educativos ribadenses.

O rexedor comentou que “a Xunta fixo que tiña que facer: actuar cunha inversión que supera un millón de euros no colexio, fixemos iso, temos un colexio moderno por dentro, polo sistema educativo, pero tamén por fora polo contido. Vamos agora mellorar a casa do conserxe e o peche perimetral”. Van a ver se o fan en consonancia con outros peches. “Temos que traballar tamén a estética e ter un pobo de nivel 10 de deseño”.

A directora lembrou que “o centro veu demandando a realización destas obras en cursos anteriores, polo que agradece que a nosa petición fose escoitada e atendida”



O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, reuniuse tamén coas direccións do CPR Sagrado Corazón de Jesús, do Instituto IES de Ribadeo Dionisio Gamallo e do Centro Integrado de FP Porta da Auga. No transcurso do encontro, analizaronse as necesidades desta localidade lucense en materia de ensino.

O titular do departamento educati-

vo da Xunta que se está a valorar a adaptación dunha casa do consorcio municipal como lugar de encontro da anpa. Así mesmo, salientou que se vén de instalar un ascensor e está previsto arranxar a casa do conserxe no Centro Integrado de FP Porta da Auga, cuxa oferta formativa se verá incrementada o vindeiro curso cun novo ciclo de FP Dual Intensiva, de grao superior en Automoción, con 22 prazas.



Alumnas do IES de Ribadeo deseñan unha xincana e gañan un concurso estatal

Cinco alumnas de 2º ESO do IES Dionisio Gamallo foron gañadoras a nivel nacional da 2ª edición do Concurso Escolar Ecoeduca Haz tu mundo más sostenible co proxecto da Xincana Coida Medio Ambiente organizado por PortAventura World. As alumnas Iria Molejón, Sara Samrawit Otero, Santina Pilar Rocha, Claudia Rañón e Iria López, acompañadas polos profesores Andrés Rodríguez e Granadina Díaz do departamento de Física e Química, resultaron vencedoras como integrantes do equipo Catedrais do Mar.

O premio consistía nunha fin de semana en PortAventura e para o centro un premio en metálico de 1.000 euros para desenvolver o proxecto. Asistiron a gala de entre-

ga de premios como único equipo galego premiado xunto con outros 4 equipos doutras comunidades gañadores dos outros 4 retos.

O obxectivo do proxecto é concienciar e colaborar na conservación do medio ambiente e ao mesmo tempo demostrar que, aínda sendo menores e adolescentes, poden aportar ideas a partir das cales se poden realizar accións para coidar a nosa contorna e polo tanto o noso planeta. O proxecto consiste en realizar unha xincana polo concello de Ribadeo dende a praia dos Bloques ata o faro de Illa Pancha. En dita ruta faranse distintas probas relacionadas coa recollida, clasificación e reciclaxe dos residuos nas praias e sendas costeiras nos distintos puntos por onde discorre.

Vega reclama de novo a baixada de prezos do solo industrial

Ribadeo reclama unha vez máis a baixada de prezos do solo industrial co obxectivo de atraer empresas para o polígono. O alcalde, Daniel Vega, di que “vamos seguir traballando e xestionando con Sepes esa boa relación coas administracións, pero pedimos que se dean pasos. O que non podemos estar é agardando, esperando, sempre a que nos dean a noticia e despois nunca chega”.

O rexedor manifestou que agradecen que “os dous deputados do grupo maioritario tanto Jaime De Olano como Paco Conde viñeran a Ribadeo e tamén non soamente facer unha visita e visualizar o polígono industrial, senón para trasladar ao Congreso dos Deputados unha proposta, unha proposición non de lei esixíndolle ao goberno actuar baixando o prezo do solo industrial e así ser un polígono industrial competitivo que dea cabida a empresas, que as empresas vexan como un polo industrial”.

Aseguran que é o que necesitan: “Industria, diversificar a nosa economía e, dende logo, cun prezo axeitado para as empresas no polígono industrial damos un paso moi importante”. Esta proposta aos deputados “non é confrontar, é para propoñer e chegar a un acordo para que Sepes entenda que Ribadeo ten unha proposta seria, en beneficio da actividade económica, e unha proposta para baixar o prezo do solo e así abrir as portas á inversión”.

Viveiro queda sen O Naseiro

“É unha mágoa que se poña en risco unha festa tan emblemática”

Viveiro quedará este verán sen a romaría do Naseiro, unha das citas máis emblemáticas e consolidadas no municipio. A comisión encargada de celebrar a Romaxe do Bo Xantar renuncia despois de anos a cargo da organización desta celebración, declarada de Interese Turístico Nacional dende o 1967, e que forma parte da historia viva do concello tras xuntar a varias xeracións en cada unha das súas edicións. Tal e como explicaron a través das súas redes sociais, abandonan, principalmente, “polas complicacións nos permisos da Xunta de Galicia, Augas de Galicia, etc. que cada vez prohibían máis, que levan anos dicíndonos que alí non se pode seguir facendo a nosa festa e esixindo mil responsabilidades”. Ademais, lamentan “a falta de empatía dos romeiros e romeiras, os ataques de que todo o facíamos mal e que e que eles o farían mellor, das esixencias e denuncias dalgún propietario... E agora seguen atacando, case un ano despois de anunciar que non seguíamos, que se non se fai, se non aparecen voluntarios”. Con respecto ao papel do Goberno local,



que este ano non colabora economicamente, aseguran que se se quere manter viva a romaría, o pobo tamén terá que implicarse. “Se hai miles de persoas esixindo unha festa, algún voluntario tería que aparecer, e non esixirlllo a un Concello que non pode pagar festas este ano. Porque dixemos de non seguir sendo a comisión moito antes de que o Concello anunciase que non podía axudar para as festas no 2024, o resto de anos colaborou, así que non se lle pode botar toda a culpa tampouco”. Dende o PP local destacan a importancia de manter no calendario unha das citas con máis arraigo entre os viveirenses que aglutinaba durante

cinco días música, gastronomía, bo ambiente e, sobre todo, moita tradición que se remonta aos tempos da República. “O que non se pode facer é perder ou arriscar unha festa coma o Naseiro, que non é unha festa calquera, hai que seguir apostando por ela dende todas as institucións e sobre todo dende o propio Concello que é o máximo interesado en que se siga potenciando e se siga desenvolvendo”, asegura a portavoz do PP local, Mariña Gueimunde. “É unha mágoa, é lamentable que poñan en risco unha festa como é o Naseiro, tan emblemática no noso pobo e que tanta xente arrastra de todas as idades porque ten moito

público”, lamenta Gueimunde que culpa a “lamentable xestión” por parte do Goberno. “Son 21 anos de Goberno e é un suma e segue e a burbulla acaba de estoupar. Lonxe de apostar pola festa, volve unha vez máis, a improvisación, o mal facer e deixar que outros levan as culpas como o presuposto. O ano pasado non había presuposto, xa que estaba prorrogado, e desfrutamos do Naseiro. Durante anos, dende o 2008 ata o 2012, os presupostos estaban tamén prorrogados e houbo Naseiro”. Outra das celebracións que tamén estivo a piques de desaparecer foi a Feira de Galdo con máis de tres séculos de historia e da que se encargaba a asociación de veciños, coa colaboración do Concello de Viveiro, que non puido asumir o custo íntegro da súa organización e que pasou a mans da Asociación de Cabaleiros do Landro. “Teñen que manter o que é importante para Viveiro. Xa non digo que faga unha comisión o Concello, que tamén no seu día organizou o Naseiro, pero hai que ter unha previsión, pedir unha documentación e solicitar os permisos en previsión de que apareza unha comisión, pero nin sequera fan ese traballo. Porque xa tiñan todo pensado e repensado. Impórtalles moi pouco Naseiro, As Maulas e todo o que acontece”, asegura a voceira popular.

Ampla variedade de actividades na piscina

A piscina municipal oferta nos meses de xullo e agosto unha ampla variedade de actividades dirixidas tanto a adultos como a nenos e nenas. Dunha banda, ofrécense cursos intensivos de iniciación á natación para nenos e nenas nados entre os anos 2015 e 2019. As sesións serán os luns, mércores e venres, ás 10.30 horas para a rapazada nada nos anos 2015, 2016 e 2017; e ás 11.30 horas para aqueles nados nos anos 2018 e 2019. Os cursos desenvolveranse do 8 ao 24 de xullo e do 29 de xullo ao 14 de agosto. O prezo será de 10 euros para persoas aboadas á piscina e de 20 euros para non aboadas. Doutra banda, ata o 24 de xullo, oféranse natación de iniciación (martes e xoves 19.30), TRX (martes e xoves 21.15) e ciclo *indoor* (martes e xoves) 20.15 horas. Entre o 29 de xullo e o 14 de agosto, tamén se ofertan adestramento funcional (luns e mércores 21.15 ou martes e xoves 12.00 horas), intervalos (luns e mércores 20.15 horas), natación medio (luns e mércores 19.30), natación iniciación (martes e xoves) 10.00, ximnasia na auga (martes e xoves 11.00 horas), TRX (martes e xoves 19.30 horas) e pilates (martes e xoves 20.30 horas).

ARNAO®

VERMUT



RIBADEO INDIANO

www.arnaovermut.com



arnaovermut



Arnao Vermut

“Queremos dinamizar a vida cultural e social e crear espazos de lecer”

O colectivo Pensamento e Sementeira renova enerxías e estrea etapa baixo unha nova directiva

Lucía Blanco

Dinamizar a vida cultural de Viveiro e crear espazos de lecer. Baixo estas premisas traballa a directiva de Pensamento e Sementeira, encabezada por Xiana Naval como presidenta, que renova as súas enerxías para asegurar o futuro do colectivo. “Quixemos dar un paso adiante e colaborar en crear ese tecido asociativo e esa rede de actividades culturais na vila”, conta Beltrán, vogal do colectivo. O seu símbolo, a flor, xa revela a súa pretensión pois tenta representar un pensamento e a xerminación dunha semente para trasladar o renacer desta asociación que mantén a súa esencia.

Pensamento e Sementeira nace no 2013, aínda que levaba un tempo parada. Como se fraguou este novo comezo?

O actual colectivo nace no 2013, aínda que é certo que existira unha asociación chamada Sementeira que viña funcionada nos anos 70. Ata fai un par de anos levábaa outra xunta directiva que fixo moitas actividades ao longo da última década, pero quería dar paso a outra xente para renovar e darlle impulso á asociación.

Por que deciden tomar as rendas?

Queremos dinamizar a vida cultural e social de Viveiro e crear espazos de lecer nos que poidamos



acceder a distintas formas de expresión cultural e actividades onde a xente reúna e disfrute en torno a cultura. Cremos que en Viveiro hai público e hai interese neste tipo de actividades, nós mesmo somos os primeiros interesados en que se organicen.

Hai relevo xeracional?

Temos un grupo de traballo activo no que somos arredor de 15 e na nova directiva, que está formada por 6 persoas, hai un peso importante de xente nova entre os 20 e os 30 anos.

Detectan unha falta de actividades no municipio?

É certo que hai asociacións culturais que fan propostas moi interesantes e que existe unha demanda por parte da veciñanza. O que pode faltar é tecer alianzas entre as diferentes asociacións e persoas e organizar citas nas que poder xuntarse. Dámonos de conta de que hai xente interesada en participar, entón é unha boa oportunidade para fortalecer unha rede de colaboración e de contribuír a compartir espazos.

Tamén é un xeito de involucrar á veciñanza.

Nós concibimos a cultura como unha forma de expresión popular

que se desenvolve coa participación cidadá e sen ela non é posible. Quizais en vilas de tamaño medio como Viveiro é necesario que a xente nos involucremos para dinamizar, porque aínda que as institucións e as administracións teñen o seu papel relevante, tamén é necesario darlle protagonismo á xente e ser a cidadanía os que nos encarguemos de propoñer ideas.

Estrearon etapa coa Foliada de Maio na que participaron asociacións culturais e grupos de música tradicional de Viveiro e doutros puntos da Mariña. Superou as expectativas?

Cremos que foi todo un éxito. En primeiro lugar, porque as asociacións coas que contactamos mostráronse moi dispostas a participar e involucráronse e logo o propio día xerouse un clima de fraternidade e diversión moi enriquecedor. Asistiu moita xente porque a idea era que participaran da música e do baile e eu creo que o conseguimos. Foi unha boa carta de presentación da nova xunta directiva.

Esa boa acollida anima a continuar traballando.

Organizar as propostas costa traballo, pero cando sae ben merece a pena. Nós somos os primeiros que disfrutamos da actividade e se conseguimos que a xente disfrute e se involucre supón unha dobre satisfacción e dá ánimos para programar máis para os próximos meses.

Por que tipo de propostas apostan?

Queremos ter un programa de actividades diverso e facer dende facer concertos e foliadas, pasando por andainas ou actividades deportivas, que tamén son unha forma de expresión cultural na que se involucran moito. Por outra banda, pretendemos organizar charlas, obradoiros ou debates en torno a asuntos de actualidade sobre os que a xente quere estar informada ou dar a súa opinión.

Que papel xogan as tradicións no seu programa?

Como actividades importantes para nós tamén están todas as relacionadas coa recuperación de tradicións que ou se perden ou non teñen o protagonismo que deben de ter. Deste xeito, temos a festa dos maíos ou o magosto e outras citas e festas típicas de Viveiro e de Galicia.

Escoba de Plata para o servizo de quita e pon no casco histórico

María Loureiro e Míriam Bermúdez recolleron en Madrid a Escoba de Plata polo servizo de quita e pon no casco histórico de Viveiro. A Escoba de Plata foi outorgada a Viveiro na categoría A da mesma por conseguir, “por un lado, retirar os contedores, mellorando a percepción xeral de limpeza, e por outro, facilitar o acceso ás recollidas selectivas, que anteriormente non se levaban a cabo nesta zona”.

A tenente de alcaldesa Míriam Bermúdez sinala que “é unha honra recibir este recoñecemento ao noso labor para facer de Viveiro un sitio cada vez máis limpo e agradable para vivir”. Pola súa banda, a alcaldesa María Loureiro explica que “no 2022 houbo un cambio no servizo de limpeza, e xa no contrato se incluía o servizo de quita e pon, desenvolto finalmente en decembro de 2023”.

Por Viveiro demanda a licitación das vacantes na Praza de Abastos

Por Viveiro pídelle ao Equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para unha rápida licitación dos postos vacantes na Praza de Abastos, que sempre foi o mercado emblemático da vila, aínda que “non pasa polo seu mellor momento”. Sosteen que conta con doce locais como posibles puntos de venda, dos que a día de hoxe e despois dos últimos peches, unicamente cinco están abertos o público, tres peixarías, unha froitería e unha tenda de ultramarinos, sendo a oferta cada vez menos variada. Lembran que o Goberno local anunciou no pleno do 4 de outubro de 2023, contestando a unha moción presentada polo PP, a disposición a acadar a denominación

de Mercado Excelente para a Praza de Abastos de Viveiro, nove meses despois, “estamos na mesma situación e non se coñecen avances significativos. O desanimo dos praxeiros con postos de venda abertos e cada vez mais evidente”. Dende a formación política tamén piden o arranxo das deficiencias do Camiño da Estación, xa que o firme “está moi deteriorado e con numerosas fochancas”. Por último, volven a levar a Pleno unha nova localización para os sinais informativos situados na variante de Viveiro. Aseguran que están totalmente ocultos nas árbores da beirarrúa da estrada LU-862, camuflaxe que dificulta que “cumpran co obxectivo para o que foron instalados”.

O PP censura que PSOE e BNG traten “de enganar aos viveirenses”

Mariña Gueimunde lembra que “tanto PSOE como BNG votaron en contra dunha proposta do PP para pedir unha subvención para rehabilitar edificios e vivendas de titularidade municipal con destino a alugueiro social” que permitiría ao Concello rehabilitar a Casa de los Maestros. É dicir, “fai 2 meses votaron en contra do que agora pretenden anunciar”. A proposta dos concelleiros populares saía rexeitada no pleno do 10 de abril “cos votos en contra de PSOE e BNG e o voto de calidade da alcaldesa para desempatar” entre os 7 votos a favor -os do PP- e os 7 do equipo de goberno -PSOE e BNG-, xa que X Viveiro se abstivo. Gueimunde censura que, “ademais desta contradición que reflicte claramente a falta de proxecto claro para Viveiro”,

tanto a alcaldesa, coma a tenente de alcaldesa “traten de enganar aos viveirenses” tendo en conta que “o propio Igvs as corrixe para aclarar a información e as conclusións ás que chegaron na reunión”: que a Xunta dispón de liñas de axudas dirixidas aos concellos para rehabilitar vivendas de titularidade municipal, como é o caso da Casa de los Maestros, para dirixir a alugueiro social. A popular cre que “están demostrando que non poden representar ao Concello” porque “terxiversan a información. Non son capaces de trasladar as conclusións dunha reunión”. Os populares subliñaban a “singularidade”, a localización “estratéxica” da Casa de los Maestros e o seu uso “de carácter social” que “merece toda a nosa atención”.

O Pleno aproba uns orzamentos de máis de 15,4 millóns de euros

O Concello de Viveiro aprobou un orzamento municipal de 15.491.493,12 euros, cos votos a favor dos grupos de PSdeG, BNG, e as abstencións de PP e Por Viveiro. Entre as principais partidas, destaca a do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que supera os 1,5 millóns de euros, ou os 150.000 euros que o concello achega para a escola infantil (polos 50.000 euros que pon a Xunta).

Os orzamentos inclúen 421.200 euros en subvencións para asociacións culturais e deportivas, feiras, festivais, e a asociación comercial do casco histórico. Para pagar estas subvencións, Concello de Viveiro e Deputación de Lugo asinaron a semana pasada o convenio Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes, por un importe de 1.125.000 euros, dos que 775.000

serán financiados polo concello e 350.000 pola Deputación.

O capítulo para investimentos é de 744.445 euros, con 11 actuacións para a renovación de camiños nas parroquias, a obra na rúa Porto de Celeiro, traballos na rede de saneamento, e melloras no punto limpo, o conservatorio, a piscina e o campo de fútbol de Celeiro, entre outras. Polo que respecta á débeda do concello, rematará o ano 2024 en 6.697.000 euros, cando superaba os 14 millóns de euros en 2015.

“Unhas contas realistas e cun claro acento social, pensadas para mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas, así como para apoiar ao tecido asociativo local”, asegurou a alcaldesa, María Loureiro. A tenente de alcaldesa, Míriam Bermúdez, lembrou

que no primeiro semestre do ano, “a pesar de todas as dificultades económicas que limitaron a capacidade de acción, fomos quen de manter uns servizos dignos aumentando nun mes os servizos nas praias, renováronse os camiños do Pernas Peón e conseguimos unha subvención para este parque de 105.000 euros€ que pronto se levará a cabo”.

Ademais, “abrimos e mantemos 4 aseos públicos abertos, fixéronse melloras nas recollidas de pluviais en Covas e Chavín, aprobamos textos importantes como a Ordenanza de acceso a praias e a de vías para a saca de madeira, vaise adquirir un novo tractor para os desbroces e estanse elaborando documentos imprescindibles como os de Mobilidade, Accesibilidade, ou o futuro contrato da luz”.



Conclúe a edición máis internacional do Resurrection Fest

A 19ª do Resurrection Fest en Viveiro chegou ao seu fin despois de catro días de boa música, amizade, momentos épicos e soños feitos realidade que, sen dúbida, quedarán gravados na memoria. Desde o primeiro día o bo ambiente foi protagonista, tanto no festival como en Viveiro, e foron horas e horas de grandes concertos para todos os públicos e xéneros.

Entre os momentos especiais encima dos escenarios destacan a despedida de Sum 41, a dobre colaboración de Babymetal e Electric Callboy, o maior *wall of death* da nosa historia ou o *endshow*. Pero todos os artistas e as súas grandes actuacións conseguiron unha vez máis que o festival sexa todo un referente a nivel europeo e mundial entre público e artistas. O recinto segue vendo me-

lloras ano tras ano e o Boulevard seguiu sendo un acerto. As novas barras e a nova zona Pandemonium están aquí para quedar, así como a nova zona de merch, facendo que a Resurrection Fest City fose o máis cómoda posible. Segundo comentaron os organizadores, esta edición foi que reuniu máis artistas internacionais; con público procedente de 43 países; e 1.500 persoas apuntadas para casar durante a cita, que organizará vodas por segundo ano consecutivo. Alice Cooper, Machine Head, Kerry King, Bring Me The Horizon, Bruce Dickinson, Delain, The Offspring, Corey Taylor, Sôber, Avenged Sevenfold, Megadeth ou Electric Callbo foron algunhas das bandas que fixeron desfrutar a todos os presentes ao ritmo do *black metal galaico*, o *punk* ou o *metalcore*.

Pechan as visitas no Souto da Retorta para acometer o seu mantemento

O Concello de Viveiro acolleu unha reunión entre a directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta, Marisol Díaz; a alcaldesa, María Loureiro, e a tenente de alcaldesa e responsable de Medio Ambiente, Míriam Bermúdez, para falar de varios temas, entre eles unha actuación no Souto da Retorta para realizar tarefas de mantemento e garantir a seguridade.

Tanto o Concello como a Xunta coinciden na necesidade de levar a cabo estas tarefas, que suporán a eliminación de exemplares enfermos non recuperables e a poda de outros, ademais do plantado de especies autóctonas. Así comezarán a realizarse labores de rozadura e retiradas de ramas secas, polo que resulta adecuado o peche temporal das visitas a este espazo natural, tanto para facilitar os traballos de mantemento e saneamento como para prever posibles riscos para as persoas.

Estas tarefas son necesarias porque os informes periódicos que realiza a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático veñen detectando afeccións por diversos tipos de fungos que, xunto coa idade dos exemplares -os eucaliptos non son unha especie moi lonxeva-, supoñen un elevado risco de caída de pólas de grandes dimensións e, incluso, derribamento de árbores.

Míriam Bermúdez trasladoulle tamén a Marisol Díaz “a necesidade de actuar na contorna do paseo fluvial do río Landro”, para o que se solicitou a súa colaboración de cara a buscar o enfoque máis axeitado para a subvención de Rede Natura 2000.



A & F BROKERS
Abogados

GESTION DE COMUNIDADES

HERENCIA Y TESTAMENTOS

REGISTRO DE PROPIEDADES

ALTERACIONES CATASTRALES

CONTRATOS:

COMPRA, VENTA ALQUILER

DESAHUCIOS


PROBLEMAS COMUNITARIOS


RECLAMACION DE DEUDAS

DIVORCIOS:

CUSTODIAS, PENSIONES

ASISTENCIA LEGAL INTEGRAL

 viviabuin@hotmail.com

 AVDA. DA MARINA Nº72
SAN CIPRIAN (LUGO)

 695 414 544



O CEIP Vista Alegre fai unha homenaxe a Chichi Campos cun novo mural

A artista ribadense Elvira López, do colectivo Vacas Fracas, pintou no CEIP Vista Alegre de Burela un mural homenaxe a Chichi Campos dentro do programa IlustrarNÓS da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que propón aos centros educativos diferentes actividades arredor da ilustración e das artes gráficas. O deputado de Mocidade Daniel García, acompañado da artista, do director do centro e do tenente alcalde de Burela Mario Pillado, achegouse ata o mural, que loce nun dos muros do centro.

A artista sinalou que “a participación en IlustrarNÓS supón toda unha oportunidade para amosar o meu traballo e darlle visibilidade. Co meu traballo quixen plasmar a paixón de Chichi Campos polo debuxo, por iso o lapis sae do co-

razón cun foguete”. Daniel García destacou a traxectoria e a boa acollida de programa IlustrarNÓS “que ademais de achegar o alumnado á ilustración, ás súas técnicas e ás creadoras e creadores galegos, ofrece a muralistas e artistas novas un espazo para desenvolver a súa actividade”.

Ademais do CEIP Vista Alegre, Elvira López plasrou o seu deseño no IES Pedregal de Irímia, de Meira, e no CEIP Terra Chá, de Vilalba. Os colexios Luis Pimentel e Albeiros de Lugo, os colexios de Cervantes e Castroverde e o instituto da Fonsagrada tamén contan xa ou sumarán nas vindeiras semanas obras de Sandra Lodi e A. Cecilia, tamén con deseños arredor de Chichi Campos, a quen se dedicou este ano o Día da Ilustración.

Programan este verán xogos na praia, rutas e torneos de fútbol 3x3

Burela acollerá ao longo dos meses de xullo e agosto numerosas actividades deportivas e de ocio dirixidas á rapazada e a toda a veciñanza do municipio. Por unha banda, comezan os campamentos de verán, que se desenvolverán no CEIP Virxe do Carme, de luns a venres entre as 9.00 e as 13.30 horas. O primeiro destes campamentos rematará o 12 de xullo, e os seguintes terán lugar do 15 ao 26 de xullo, do 29 de xullo ao 9 de agosto e do 12 ao 23 de agosto.

Por outra banda, o 8 de xullo, a delegación de Deportes do Concello dará comezo ó programa Verán Burela 2024. Esta iniciativa prolongarase ata o 29 de agosto e incluírá xogos na praia os luns, rutas de sendeirismo os martes, *happy dance* os mércores, e rutas en bicicleta os xoves. As

inscricións neste programa poderán ser realizadas na Casa da Xuventude entre este mércores 3 de xullo e o venres 5 de xullo. O prezo será de 8 euros por actividade e por mes. Ademais, “habrá o fútbol 3x3, fútbol praia e baloncesto 3x3, e tamén se celebrará a Carreira Burelabonita, completando a extensa programación deportiva do verán burelao”, explica o concelleiro de Deportes, Carlos Méndez Pena. A alcaldesa de Burela, Carmela López, sinala que “estamos traballando dende cada área municipal nunha programación completa, ofrecendo todo tipo de actividades para que a vila estea máis viva que nunca no verán”. Esta ampla programación deportiva serve, ademais, “para promover un estilo de vida activo saudable”, engade.

O Concello organiza outro verán máis o programa ‘Burela de Ruta’

O Concello de Burela organiza un ano máis o programa ‘Burela de Ruta’ con numerosas actividades, que inclúen visitas guiadas e xeorutas ao longo dos meses de verán para coñecer os atractivos patrimoniais e xeolóxicos da vila.

Haberá tres xeorutas distintas, A Marosa, O Perdouro e O Cantiño, e entre os meses de xullo, agosto e setembro organizaranse un total de vinte rutas guiadas, todas con saída dende a Oficina de Turismo, con prazas limitadas e reserva necesaria con sete días de antelación.

A ruta da Marosa e a do Cantiño, de 7,8 e 6,4 quilómetros, son de dificultade baixa, mentres que a do Perdouro, que percorre o conxunto de dobramentos mellor conservado de Galicia, é de dificultade media, cun percorrido de 3,2 quilómetros.

Na propia vila tamén haberá a posibilidade de disfrutar de visitas guiadas ó Barco Museo Reina del Carmen de martes a domingo ou á Ruta do Peixe, que permitirá descubrir na Lonxa ABSA a primeira subasta oral automatizada do mundo.

A Asociación de Mariñeiros Xubilados e Afíns A Moncloa tamén ofrecerá visitas guiadas, así como Conservas Faro de Burela, que permite coñecer as súas instalacións e produ-



tos, e a visita ‘Máis alá do mar’ invita a descubrir a Burela rural e a Igrexa Vila do Medio.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, convida á veciñanza e a todas aquelas persoas que visiten a vila a participar nestas actividades “para coñecer mellor os seus atractivos turísticos”.

A rexedora destacou “o gran traballo levado a cabo pola Concellería de Turismo para poñer en marcha este programa, así como o da Oficina de Turismo”.

Pola súa banda, o concelleiro de Turismo, Ramiro Fernández Rey, sinalou que “estas rutas poñen en valor tanto o patrimonio material como inmaterial do municipio, facendo

que sexan atractivas tanto para visitantes como para a veciñanza. Ademais, como pobo mariñeiro que somos, poñemos nelas en valor o traballo do sector do mar”, engade.

“Dende a Concellería de Turismo seguimos apostando por unhas rutas que están tendo un gran éxito, e así o confirman as cifras, pois o número de visitantes vai subindo ano tras ano”, afirma o edil.

“As expectativas para este verán son boas, polo que agardamos que o turismo continúe medrando en Burela”, subliña Fernández Rey. “Seguiremos dándolle continuidade ao traballo feito nos últimos anos, que tantos bos froitos está dando”, conclúe.

Chega á vila a exposición da apertura como museo da Casa de Rosalía

Inaugurouse en Burela a exposición A Casa de Galicia. 50 anos da casa de Rosalía, sobre a restauración e musealización da Casa da Matanza de Padrón, onde Rosalía de Castro pasou os últimos anos da súa vida. A Praza do Concello acollerá ata o 15 de xullo a mostra, con reproducións de documentos, fotografías e textos que repasan a historia da casa e do esforzo colectivo -de institucións culturais, intelectuais e persoas anónimas- que impulsou a súa apertura como museo en xullo de 1971, con achegas de miles de galegas e galegos, no país e no exilio.

A deputada de Cultura Iria Castro e o deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García, acompañados polo tenente de alcalde de Burela Mario Pillado e pola concelleira de Cultura de Burela Lina Gómez, inauguraron a mostra, que chega a

Burela no marco dunha itinerancia. Iria Castro e Daniel García animaron á veciñanza “a achegarse á exposición, que dá conta do poder mobilizador da figura de Rosalía e da súa obra, mesmo en pleno franquismo” e explicaron que “a itinerancia da mostra procura a presenza na rúa e nos espazos comúns dunha autora que é referente cultural, pero tamén feminista e de compromiso social, como facemos con outras iniciativas como a realización de murais homenaxe que se veñen realizando nos últimos catro anos en centros educativos”.

A mostra, producida pola Fundación Rosalía e comisariada por Pepe Barro, autor da última renovación museolóxica da Casa-Museo de Rosalía de Castro, está formada por paneis inseridos nunha estrutura que evoca distintas estancias dunha casa.

O PP afirma que o Goberno “quere sangrar con taxas aos veciños”

Os concelleiros populares de Burela condenan a “dobre vara de medir” do goberno bipartito que “quere sangrar con taxas aos veciños e veciñas, tal e como se comprobou nos últimos tempos coa suba desmesurada das mesmas, pero rexeita colaborar con outra administración, a través do pago de taxas, para mellorar os servizos nun espazo público”.

O Grupo Municipal do Partido Popular explicou que “as taxas polo uso especial de instalacións portuarias son revertidas por Portos de Galicia nas propias instalacións”, xa que se encarga do seu mantemento e conservación para que se encontren en bo estado de uso.

Os populares lembran que “as taxas que paga o Concello son derivadas de usos non prioritarios no Porto de Burela”. Ante as críticas do BNG sobre o “fin recadador” desta taxa, os populares preguntáronse “se non terá fin recadador o vehículo da DGT do que dispón o Concello e que está a percorrer as rúas de Burela”.

A Feira do Bonito presenta o cartel e confirma a actuación de Walls

A XXXVIII Feira do Bonito xa ten cartel. A Sociedade Cultural Recreativa Leducia acaba de resolver o concurso de carteis convocado co gallo desta cita. Na categoría A de ata 14 anos o gañador é Camilo Silva Larrosa, mentres que na categoría B para maiores de 14 resulta vencedora Maite Fernández Cendoya. O deseño de Camilo será o que apareza no programa de man e o de Maite convértese no cartel anunciador da Feira. E a poucos días de cerrar defini-



tivamente a programación, confirman ao cantante Walls como actuación central para a noite do sábado 3 de agosto en Burela. A Feira do Bonito é unha actividade froito do traballo e a unión de moita xente, e dende Leducia agradecemos o apoio das diferentes entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas, xa que ambos elementos -economía e traballo- son necesarios para sacar adiante unha actividade deste calibre.

LITERATURA CABOVERDIANA



O Concello de Burela celebrou, na biblioteca do IES Perdouro, o Día da Literatura Caboverdiana, coa lectura da obra 'Siríaco e Mr. Charles' de Joaquim Arena, entre outras actividades. A xornada contou con diversas intervencións, comezando polas do estudante de orixe caboverdiana Isaac Sosa, a profesora e representante da comisión organizadora do evento Vanessa Vila-Verde, e o autor Joaquim Arena. Este último interviu en videoconferencia dende Lisboa, onde acaba de tomar parte da súa Feira do Libro.



13 premios no concurso das Letras Galegas

A Biblioteca Pública Municipal de Burela fixo entrega dos premios da fase local do concurso de narración e debuxo infantil Letras Galegas 2024. A nova edición deste certame tivo como tema 'Ler para pensar, pensar para ser libres', e foi organizado polo Concello de Burela a través da Delegación de Cultura e a Biblioteca Municipal. A entrega de premios da fase local tivo lugar na Casa da Cultura de Burela. No concurso de narración resultaron premiadas Noa Mera Braña e Sara Álvarez Fernández, tamén do CEIP

Vista Alegre. E na categoría de 12 a 16 anos, Jimena Domínguez García do CEIP Vista Alegre, Ana Lestao Ben do IES Perdouro e Jorge Melo Reigosa do CEIP Vista Alegre. Por outra banda, no concurso de debuxo infantil, gañaron a categoría ata 8 anos Naia Fontenla Suárez do CEIP Vista Alegre e de novo Teo Domínguez García e Aldara Níñez Gómez. A categoría de 9 a 11 anos foi gañada por Pedro Cociña Lestao do CEIP Virxe do Carme e por Ivan Nadiel Miranda Afanador e Uxía Níñez Gómez do CEIP Vista Alegre. Finalmente, a categoría de 12 a 16 de debuxo foi gañada de novo por Jimena Domínguez García e Ana Lestao Ben, así como por Hugo Rivas Méndez do CEIP Vista Alegre.



Reformarán o parque infantil Rosalía de Castro

O Concello reformará o parque infantil Rosalía de Castro, onde, entre outras melloras, se instalará un gran barco como principal xogo infantil. "O novo barco é un xogo moi completo, que suporá unha referencia nos parques infantís da Mariña lucense e un salto de calidade na nosa vila", sinala Ramiro Fernández Rey, concelleiro de Obras de Burela. A obra incluírá a retirada de xogos actuais, mobiliario urbano e o actual valado perimetral. Ademais, colocarase un novo chan de amortiguación, incorporaranse novos xogos, alén de plantarse novos

plantas e instalar un novo valado, entre outras actuacións. "Dende o Goberno local seguimos traballando para mellorar as infraestruturas da nosa vila, incluíndo aquelas para os máis pequenos, como xa fixemos coa renovación do parque infantil do Cantiño", indica Carmela López, alcaldesa. Nesta obra, o Concello de Burela investirá máis de 117.000 euros coa colaboración da Deputación de Lugo. Os representantes do Concello xa se reuniron cos responsables da obra para perfilar a proposta, cuxo prazo de execución é de dous meses.

Burela quiere actualizar o seu inventario de bens

O Goberno Local de Burela levou ao pleno ordinario a actualización do seu inventario de bens co obxectivo de "velar polo patrimonio municipal". Tamén se trataron a prórroga do contrato do servizo de recollida de lixo con Urbaser e a actualización da ordenanza de administración electrónica. Carmela López destacou a importancia de "revisar e actualizar o inventario, polo que realizamos 5 modificacións entre as que destaca a inclusión no catálogo de bens do tramo do paseo marítimo fronte á praia urbana de Portelo". Sobre a prórroga do contrato da recollida de lixo con Urbaser, a rexedora explica que están traballando "nos pregos do novo contrato, pero optamos por esta prórroga dun ano máis contemplada no prego inicial de cara a sacar a licitación neste período". No referente á ordenanza da administración electrónica, López apunta que "a ordenanza previamente existente esta obsoleta e non se adecúa á realidade actual, polo que o noso deber é actualizala para que estea acorde co que xa se está a facer". "Isto non significa que agora todas as xestións se teñan que facer electronicamente, pero é necesario ir revisando e actualizando todas as ordenanzas", engade.

MATRÍCULA ABERTA

AGARDÁMOSTE!

*En Viveiro e en Burela

ALEMÁN NIVEL BÁSICO (A1-A2) NIVEL INTERMEDIO (B1-B2)	CLASES SEMIPRESENCIAIS • 2 horas de clase presencial • 2 horas de clase na aula virtual Burela: Inglés C1.2 / Viveiro: Inglés B2.2 - Inglés C2
FRANCÉS NIVEL BÁSICO (A1-A2) NIVEL INTERMEDIO (B1-B2) NIVEL AVANZADO (C1.1)	
INGLÉS Viveiro e Burela NIVEL BÁSICO (A1-A2) NIVEL INTERMEDIO (B1-B2) NIVEL AVANZADO (C1-C2)	
ITALIANO NIVEL BÁSICO (A1-A2) NIVEL INTERMEDIO (B1-B2) NIVEL AVANZADO (C1)	CURSOS MONOGRÁFICOS • 1 Sesión á semana (2 horas, presenciais) • Clases de conversación e de escoita Burela e Viveiro: INGLÉS. Niveis: B1 e B2 Viveiro: FRANCÉS. Niveis: B2 e C1 Exámenes Sen exames Para máis información https://www.edu.xunta.gal/centros/eoideviveiro/

“Para nós a natureza é unha aula máis no centro”

Na Escola Infantil de Alfoz apostan, a través dun único grupo, pola metodoloxía activa e un ambiente familiar

Lucía Blanco

A Escola Infantil A Galiña Azul de Alfoz, na parroquia de Carballido, abriu as súas portas no 2013. O contacto coa natureza, a metodoloxía activa a base de xogos e unha atención personalizada nun ambiente familiar son os sinais de identidade deste centro que conta cun único grupo de alumnos de 0 a 3 anos. “É unha aula de idades mixtas, nun ambiente máis natural e realista, xa que no noso día a día tamén estamos rodeados de persoas de diferentes idades”, conta Lorena García Cao, a directora.

Unha educadora, unha persoa de servizos xerais e unha mestra compoñen o cadro de persoal. “Remamos na mesma dirección, traballando en equipo e compartimos as mesmas ganas e os mesmos coñecementos”. E todas apostan porque o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe “a través da acción directa sobre os obxectos, que é a que permite a experiencia e o descubrimento do coñecemento”. O ambiente, aseguran, é preparado, relaxado e cos recursos necesarios, “respectando os seus ritmos evolutivos e sen presións. Por exemplo, tamén promovemos que se movan sen calzado pola escola, favorecendo o movemento libre”

O número reducido de cativos permite ofrecer unha atención máis individualizada. “Os xogos en grupos pequenos facilitan a participación,



fomentan o desenvolvemento das habilidades sociais e melloran a aprendizaxe. Vanse sentir máis cómodos e seguros, aumentando así a confianza e a autoestima”. Ademais, este tipo de aprendizaxe con nenos de distintas idades nunha mesma clase potencia a autonomía. “É unha opción chea de vantaxes, tanto para os nenos e as nenas como para nós. Os maiores colaboran, empatizan e axudan mentres gañan seguridade e autoestima. Todos e todas aprenden de todos e enriquecéanse coas súas aportacións”, asegura García.

ESCENARIO PRIVILEXIADO. Outra das potencialidades é que se encontran nun lugar privilexiado que

tamén aproveitan para a súa práctica educativa. “Temos o escenario perfecto. Para nós a natureza é unha aula máis na escola. A choiva e o frío non nos impiden desfrutar dunha xornada no exterior porque os nenos e as nenas teñen botas e roupa impermeable, polo que gozar dun fermoso día de choiva aquí é viable”. Dende a escola, que conta co seu propio horto, intentan que pasen o maior tempo posible ao aire libre porque defenden que a “natureza axúdalles a coñecer o mundo”. Iniciativas para educar no respecto e facilitar o desenvolvemento dos máis pequenos tampouco faltan neste centro en Alfoz. “Creamos propostas de xogo grupais, que es-



peritan a curiosidade dos nenos e das nenas e o interese por descubrir por si mesmos, educando en igualdade”, explica Lorena. As propostas sensoriais, o xogo libre con pezas soltas, actividades de transvasas con sólidos e líquidos, sesións de arte, talleres de cociña, xogo heurístico, provocacións con elementos naturais e actividades da vida práctica completan o seu programa.

“Tamén lles proporcionamos materiais non estruturados como paus, pedras, area, caixas, piñas ou conchas que usan sen instrucións. E traballamos a xestión das emocións por medio de sesións de relaxación, a lectura de contos ou a música”. Todas estas actividades son froito

dun traballo en conxunto. “Preparamos as clases pensando, facendo, colocando e ofrecendo materiais e propostas novas para o bo funcionamento do grupo, nuns espazos cómodos, agradables e seguros”. Tampouco se esquecen das familias coas que manteñen unha comunicación regular para recoller tamén as súas percepcións, preocupacións e necesidades. “Participan en determinados momentos ao longo do curso como no período de familiarización dos nenos á escola, en reunións, entrevistas, titorías, saídas, festas e aportando o material necesario. Porque as familias axúdannos a facer mellor a nosa escola”, conclúe a directora.

Alfoz amplía o horario do programa Ludiverán

Coa finalidade de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante os meses de verán, o Concello de Alfoz amplía o horario de atención a nenas e nenos no programa Ludiverán.

“A partir do 1 de xullo ata o 30 de agosto, as familias poderán deixar aos seus fillos e fillas ás 9.00 ou ás 10.00 horas, segundo lles resulte máis conveniente, e poderán recollelos ás 13.30 ou ás 14.00 horas, adaptándose así ás necesidades específicas de cada unidade familiar. O resto de información pódese atopar nas bases de participación”, apunta dende a delegación de Educación, Igualdade e Participación. Esta ampliación horaria permitirá ofrecer unha maior flexibilidade ás familias, garantindo que os nenos e nenas poidan gozar dun

verán divertido e educativo mentres os pais e nais compaxinan as súas responsabilidades laborais e persoais. O Concello de Alfoz está comprometido en proporcionar un entorno seguro, educativo e divertido para todos os nenos e nenas que participan no Ludiverán, e confiamos en que esta ampliación horaria será de gran axuda para as familias do concello.

BIBLIOTECA. A biblioteca cambia o seu horario durante o verán. Durante o mes de xullo, abrirán polas mañás de 9.00 a 14.30 horas, aínda que dende o día 8 de xullo ata o 19 de xullo estará pechada por vacacións do persoal. Porén, os libros poderanse devolver empregando o buzón de devolucións situado no exterior da Casa da Cultura.

O Carme, a Festa dos Choferes e o Mercado Medieval, citas do verán

Alfoz celebrará O Carme o domingo 14 de xullo no atrio de Mor. O programa, organizado pola Asociación Veciñal de Mor e o Concello, arranca ás 13.00 horas con misa, seguida da sesión vermú amenizada polo Dúo Epok A Mariña. O xantar popular comezará ás 15.00 horas e a celebración continuará con baile amenizado polo dúo. Tamén contarán con actividades gratuítas para os máis pequenos da casa. E como novidade este ano contarán con carpa. Ademais, o día do Carme, 16 de xullo, haberá misa ás 10.00 horas e ás 13.00 horas, procesión e deseguido, sesión vermú a cargo do grupo de música tradicional A Rebolaxe.

MERCADO MEDIEVAL. Xa falta menos para que Alfoz volva gozar do

seu mercado medieval. O Castro regresará á Idade Media para revivir unha edición máis a historia e a lenda do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Danzas, música, bo comer e bo beber, torneo de cabalos, teatro de títeres, xogos malabares, artesanía e moitas máis cousas serán os protagonistas da noite do venres 19 e o sábado 20 de xullo. As danzas medievais, os espectáculos con lume, visitas guiadas formaron parte da última edición, na que tamén houbo cetrería, postos para xantar, xogos e música.

CHOFERES. A Festa dos Choferes, organizada pola Asociación Cultural O Castelo, terán lugar os 2, 3 e 4 de agosto. O programa arranca o venres 2 con festa verbena da man de discoteca móbil Eventec e orquestra

New York a partir das 23.00 horas. A celebración continúa o sábado con misa solemne a partir das 13.00 horas seguida de sesión vermú con orquestra Stéreo.

A orquestra amenizará tamén a verbena a partir das 23.00 horas acompañada pola orquestra Miramar. O domingo 4 haberá, dende ás 11.00 horas, procesión de vehículos polas parroquias do Concello, misa solemne e a continuación bendición de vehículos con premios para os mellores de cada categoría. Tamén haberá sesión vermú e verbena co Grupo Montreal.

De novo será a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo a que continuará poñendo no calendario esta xuntanza que na súa última edición contou con verbenas, procesións de vehículos polas festas e xogos populares.

o valadouro

A veciñanza concentrouse diante do centro de saúde do Valadouro

A concentración celebrada diante do Centro de Saúde do Valadouro, convocada pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña e máis polo Concello do Valadouro en protesta pola falta de médicos volveu a ser masiva e “foi un clamor en contra do abandono ao que o Partido Popular está sometendo ao rural galego e de xeito especial e acentuado ao Valadouro en materias tan sensibles como é neste caso a sanidade e atención primaria, que neste concello xa chove sobre mollado, pois levan unha década tamén loitando por recuperar o servizo de pediatría que compartían co concello veciño de Alfoz que o PP eliminou”, din desde o BNG.



O deputado Daniel Castro, que asistiu á concentración recordou que á semana seguinte da tamén numerosa concentración do pasado 14 de abril, desde o Sergas anunciaron que

se ían cubrir as dúas prazas inmediatamente, o que fai dubidar sobre o anuncio feito polo conselleiro ante a pregunta que lle formulou Daniel Castro.

EN BREVE

XIMNASIO. O ximnasio municipal do Valadouro, situado fronte ao pavillón polideportivo municipal, cambia o seu horario polo verán. Dende o 1 de xullo e ata o 30 de agosto, estará abertos os luns, mércores e venres pola mañá de 10.00 a 13.00 horas. Polas tardes, as instalacións funcionarán de luns a venres en horario de 19.00 a 23.00 horas.

MOTOS. Tras o éxito da vixésimo sétima Concentración de Motos do Valadouro 2024, o club prepara unha nova convocatoria da cita. Deste xeito, o colectivo ponse a traballar na actividade que terá lugar os días 2, 3 e 4 de maio. Na última convocatoria puideron gozar de picada moteira, música, mercado, ruta, xantar, inchables, unha exhibición e sorteos.

Poñen en marcha un espazo compartido para os produtores locais

No marco do programa ...E para vivir Lugo a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu o visto bo a unha colaboración co Valadouro –un dos concellos pilotos do proxecto- para a posta en marcha dun espazo compartido para os produtores locais.

A actuación consistirá no acondicionamento dunha aula para facer unha sala de envasado de produtos vexetais e o seu equipamento e o acondicionamento dun faldón da cuberta da escola de agricultura



ecolóxica. A institución investirá para esta actuación un total de 32.535 euros e o Concello do Valadouro cofinanciará o proxecto con outros 3.769,99 euros.

lourenzá

Queixas pola redución de horario de Correos

O servizo de Correos reduce o seu horario en Lourenzá. Como explican dende o BNG local, o horario, que é agora de 8.30 a 9.30 horas, reduciuse dun xeito considerable pois perderon unha hora de luns a venres, cando antes eran dúas. Deste xeito, os nacionalistas fan unha queixa e rogo urxente para

recuperar o horario. “Xa fai moito que se reduciu o horario, o que implica que agora, entre outras cousas, para pagar unha sanción ou enviar un documento administrativo a calquera institución pública debamos desprazarnos a outra localidade”, explica a voceira, Belén Fanego.



O PP pide melloras na vía de Vilanova a San Xusto

O PP fai un chamamento ao Goberno municipal para que adopte medidas urxentes na estrada municipal que comunica Vilanova de Lourenzá con San Xusto debido ao seu “desolador estado”. Os populares recollen as queixas dos veciños da zona e usuarios e advirten de varias deficiencias que poden supoñer riscos para a seguridade dos seus usuarios como son os grandes buratos que se suceden ao longo da vía que dificultan a circulación e aumentan o risco de sufrir accidentes, ademais da posibilidade de danar os vehículos.

Os concelleiros do PP tamén sinalan que na parte urbana da vía, onde conta con beirarrúas, estas se atopan sen acondicionar: cheas de residuos e con zonas de maleza. Subliña a importancia de manter en bo estado as vías municipais “por seguridade”, pero tamén porque o seu mal estado deriva en que os condutores eviten o seu uso e remata por prexudicar aos negocios locais xa que “moitos veciños de concellos limítrofes empregan esta infraestrutura viaria para desprazarse a Vilanova”.

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camión Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

MADERAS BARCIA
Compra y explotación forestal

Lg/ Outeiro, núm. 3- San Xurxo- 27751 LOURENZÁ (Lugo)

maderasbarciasl@gmail.com
Tfños. 636 06 85 94 - 982 12 13 87

“Queremos darlle vida á vila coa primeira rapa das bestas”

A asociación ecuestre local Equus Norte, coa colaboración do Concello, da Deputación de Lugo e de Puraga, organiza esta cita para o 20 de xullo

Lucía Blanco

A rapa das bestas é unha das citas consolidadas de cada verán na comarca e na provincia, xunto coas festas patronais e as gastronómicas que se acumulan nos meses de máis calor. Dende Equus Norte, a asociación ecuestre da Pontenova, son conscientes do forte tirón destes eventos cabalares polo que promoven, coa colaboración do Concello, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e de Puraga, a primeira rapa das bestas no municipio e a cuarta da Mariña. A iniciativa, que non é so unha mostra de arraigo cultural e de tradición, senón que tamén serve para concienciar sobre o respecto cara ós animais, poñer en valor o cabalo de monte e a actividade gandeira, chegará o vindeiro 20 de xullo, aínda que a idea orixinouse tempo atrás.

“No colectivo somos todos xente do mundo do cabalo e entre eles está Alejandro, que ten os cabalos e facíaa a título individual na casa. Nunha das rutas pensamos en facela máis grande e aberta á xente e de aí xurdiu a idea”, conta Javier Veiga, presidente da asociación. A intención era comezar no 2023,

pero a organización non resultou nada doada polo que a aprazaron ata esta tempada. “Decidimos facela este ano con máis tempo e planificar todo ben, porque hai que empezar de cero, desde mirar de facer os permisos sobre os que non sabíamos moito ata facer o curro”. O Goberno local e a institución provincial están axudando cos preparativos, que tamén implican prestar especial atención á Lei de Benestar Animal. “Sen lugar a dúbidas amañar os papeis e o tema dos permisos foron o máis complicado e despois tes que facelo en horario de traballo e sacar tempo de onde podes”, comenta. Puraga prepara para o venres 19 unha degustación de minihamburguesas de cabalo

galego nos locais de hostalaría da vila como antesala á cita, que terá lugar no Alto de Neipín con entrada ao curro sobre as 11.30 horas no que esperan xuntar “sobre uns cen cabalos”.

Ademais da rapa para sanear aos exemplares e marcalos, ofrecen un programa con sesión vermú a mediodía da man do DJ Bombardeiro para facer máis atractiva a xornada. “É unha actividade máis no concello, pois esa fin de semana queiras que non xente vai vir, non sabemos canta, porque é a primeira vez pero traer visitantes a un municipio coma o noso sempre é algo bo”. Completan o cartel, que está pensado para toda a familia, cun espectáculo de doma, a



partir das 16.30 horas, ademais da posibilidade de quedar a comer no lugar, pois haberá un posto de polbo.

“Non nos imos meter en profundidade a nada máis porque é o primeiro ano e suficientes dores de cabeza nos deu. Esta edición imos pouco a pouco, con todo moi ben controlado para que saia o mellor posible”. Porque o obxectivo é claro con respecto ao futuro desta proposta: “Ao nacer a intención é mantela no tempo por suposto”.

O colectivo tamén está arroupado polos ponteses e pontesas que “non teñen problema en axudar e iso anima”.

A pesar de que en Equus Norte contan con sobrada experiencia na organización de eventos, xa que son os responsables da Ruta Ecuestre da Pontenova, que leva oito edicións e está máis que consolidada no calendario do municipio, as dificultades á hora de poñer en marcha unha iniciativa destas características non pasan desapercibidas. “Dáche moitas dores de cabeza, implica moito tempo e tamén unha perda económica porque nas asociacións que estamos en todas traballamos igual, non sacamos nin para viaxes nin para nada. Se nos xuntamos nunha reunión, por exemplo, cada un paga o seu, é sen ánimo de lucro totalmente”. Aínda que o traballo e o esforzo merecen a pena por seguir dinamizando a oferta de actividades na vila: “Nós por iso o facemos por darlle vida ao concello”.



AXENDA DE ACTIVIDADES

CAMPAMENTO. A Pontenova abre o prazo para o seu campamento de verán. Terá lugar do 15 de xullo ao 16 de agosto, de luns a venres, en horario de 10.00 a 14.00 horas. Está dirixido a nenos de 3 a 14 anos e hai 50 prazas que se ofertan por orde de inscrición. Os interesados poden facer a súa inscrición ata o 10 de xullo na Casa do Concello. Ten un prezo, para dúas semanas, de 70 euros para os non empadroados e de 30 para os empadroados. No caso de solicitar as 4 semanas, custa 100 e 50 respectivamente..

NATACIÓN. A Pontenova abre o prazo para anotarse nos cursos de natación que teñen lugar na piscina municipal. Os cursos, que se realizan luns e xoves, están dirixidos a nenos e adultos e hai prazas limitadas, polo que os interesados poden anotarse antes do 11 de xullo. Haberá grupos de perfeccionamento de 12.30 a 13.15, de iniciación de

13.15 a 14.00 e de adultos de 20.00 a 20.45. Comezarán o 15 de xullo e prolongaranse ata o 9 de agosto. Teñen un prezo de 45 euros toda a tempada ou de 15 por semana. Os interesados poden pedir máis información no bar da piscina ou no 686 665 277.

HAMBURGUESAS. Organizan unha degustación de mini hamburguesas de cabalo galego na Pontenova, como previa á primeira Rapa das Bestas que se celebrará no municipio o día 20 de xullo da man da Asociación ecuestre A Pontenova coa colaboración do Concello, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e de Puraga. A degustación será o venres 19 a partir das 20.00 horas en cinco locais hostaleiros do concello. Concretamente, os asistentes poderán gozar destas elaboracións en O Lar de Balbina, Sidrería A Mina, Cafetería Casa de Cultura, Rony Bar e Bar Puente.

Pedro Blanco destaca o progreso das obras realizadas co Pirep Local

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, subliñou na Pontenova a importante pegada que están a deixar nos concellos os proxectos de acondicionamento e mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos para os que o Goberno destinou 27,3 millóns euros a través do Programa PIREP. Pedro Blanco destacou o esforzo por cumprir cos prazos de execución e anunciou que o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana permitirá que os concellos beneficiarios do programa podan solicitar antes do 30 de setembro unha ampliación do prazo de xustificación das subvencións da Liña 1.

Supervisou as obras de rehabilitación enerxética e acondicionamento interior das oficinas municipais, un proxecto ao que se lle adjudicaron máis de 300.000 euros. “Comprobamos que concellos pequenos do



rural están a aproveitar estes fondos para mellorar as súas instalacións e prestar un mellor servizo á cidadanía, grazas á iniciativa dos seus alcaldes e alcaldesas de buscar métodos de financiamento que redunden positivamente no seu pobo”, dixo. As actuacións que se están a realizar con cargo ao Pirep na Pontenova avanza a bo ritmo, coa mellora do illamento térmico da fachada cun

panel ríxido de polistireno expandido.

Ademais, acometerase a renovación da carpintería exterior, a substitución das luminarias existentes de todas as plantas por lámpadas LED de baixo consumo, a instalación dunha nova caldeira para a calefacción, así como o repintado de todas as estancias e renovación das baixantes e dos canlóns exteriores.

O Festival Aturuxo reunirá en Bravos recoñecidos artistas

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López, participou este sábado xunto á presidenta da Asociación Cultural Aturuxeiros, Carmen Rivera Vidal, na presentación da décimo segunda edición do Festival Aturuxo de Bravos, no Concello de Oroul, que reunirá co apoio da Deputación a recoñecidos grupos e artistas do panorama galego, os próximos días 19 e 20 de xullo.

Carmela López felicitou aos organizadores durante a presentación desta nova edición do festival, que tivo lugar no Café Bar Cultural A Sacabeira, en Sargadelos, e subliñou a importancia da celebración de iniciativas culturais como esta “que poñen en valor as nosas tradicións a través da música, e ademais son un polo de atracción importante para fomentar e dinamizar pequenas parroquias rurais coma esta de Bravos, no concello de Oroul”. Destacou a Deputada a colaboración da Deputación, un ano máis, coa asociación Aturuxeiros de Bravos para a organización deste evento que se presentou por todo o alto, cunha xornada festiva na que actuou o grupo compostelá Kedirá.



O Festival Aturuxo defínese a si mesmo como un festival diferente para público familiar, inclusivo e próximo, onde a diversidade e a cultura galega son as protagonistas. O entorno rural no que se leva a cabo é o escenario perfecto para que as diferentes xeracións compartan as potencialidades de cada unha e que todos se fagan conscientes da importancia de coardar o noso patrimonio sociocultural e ambiental.

O CARTEL. O cartel do Festival Aturuxo de Bravos contará na súa décimo segunda edición coa actuación de 10 artistas e bandas de renome do panorama galego. Deste xeito, ac-

tuarán os grupos A Pedreira, Amigos do Folk, Catuxa Salom, Loita Amada, Lambe Lambe, Os do 21, Espera que vou mexar, Manu Kaso Aparte, Tecor Societário e Pakolas.

O festival contará con acampada e entrada de balde, e desenvolverase en dúas xornadas: 19 de xullo pola tarde-noite e 20 de xullo durante toda a xornada. O venres celebrárase a tradicional cea de irmandade; e o sábado ademais dos concertos haberá xogos interxeracionais, obra- doiros e actuacións cómicas ou teatrais, dirixidas a todos os públicos. A organización poñerá a disposición dos asistentes servizo gratuito de autobús.

A veciñanza xa pode solicitar un composteiro

Desde o Concello de Oroul lembran a todos os veciños que poden solicitar o seu composteiro doméstico no Concello totalmente de balde; chamando ao número 982 559 109 ou a través do concellodeourol@concellodeourol.es

A inscrición é totalmente de bal-

de e recibírase un composteiro doméstico, un manual de compostaxe e asesoramento técnico. Á entrega do composteiro realizárase unha charla informativa. As persoas anotadas recibirán unha chamada coa data e hora da convocatoria.

O PP pregunta pola reactivación do polígono

O PP provincial de Lugo quere saber se van reactivar o polígono de Oroul “ou van a seguir manténdoo abandonado”, tal e como explica o seu portavoz, Antonio Ameijide, que pregunta a socialistas e nacionalistas como pretenden que calquera persoa se interese en asentar o seu proxecto empresarial nesta zona industrial se a Deputación “non realiza nin un mínimo impulso nin realizou o desmonte das parcelas” polo que “os empresarios deberían de asumir, ademais do coste de inicio da actividade, o gasto de acondicio-

nar o solo”.

Ameijide lembra que neste proxecto industrial a Deputación de Lugo “aínda non fixo o desmonte das parcelas” polo que “o máis normal é que nesta situación ninguén se interese por asentar o seu proxecto empresarial nesta zona da provincia porque é inasumible ese prezo de venda nesa localización e o coste que ten realizar o desmonte”. Esta zona industrial conta con dúas parcelas “algo, cando menos curioso porque nunca vimos unha zona industrial con só tres parcelas”.

vegadeo

O grupo Leña Verde traballa para recuperar as Carrozas de Plata

Dende a asociación Leña Verde de Vegadeo queren recuperar a tradición reinventada das Carrozas de Plata. Deste xeito, fan un chamamento aos veciños do concello e de pobos contiguos que queiran apoialos para revivir esta tradición. O obxectivo é facer un desfile de carrozas o 14 de agosto, acompañado de música, cocos e cabezudos.

Nel tamén poden participar todas as persoas que queiran acompañar para presentar aos candidatos, as persoas maiores do pobo que se merezan ser rei e raíña de prata.

A votación realizarase votando en urnas que se irán pasando polos bares do pobo á hora do vermú dese mesmo día, e a coroación terá lugar no Soutón, antes do tradicional partido de fútbol entre o

Vegadeo e o Ribadeo. A cita será este venres a partir das 20.00 horas no local de ASATA.

LGTBI. Leña Verde promove un club de lectura LGTBIQ+ para coñecer máis sobre o colectivo, compartindo opinións e creando un espazo de debate no que poder aprender. Está dirixido a todo o público xuvenil e adulto e terá lugar en agosto en Vegadeo, coa posibilidade de ser en liña para os que non se poden desprazar. Crearase un grupo coas persoas que se apunten, as organizadoras propoñerán unha serie de libros e entre todos decidiremos a lectura. Os interesados poden inscribirse no formulario, no email a lvasociacioncultural@gmail.com o presentando unha folla de inscrición na biblioteca.

Todo preparado para o Mercado Medieval Honor del Suarón Piantón

Piantón, en Vegadeo, revive a súa tradición medieval da man dunha nova edición do Mercado Medieval Honor del Suarón Piantón os días 13 e 14 de xullo. De novo, os asistentes poderán atopar unha variedade de postos de produtos de artesanía e alimentación chegados desde distintos puntos de Asturias e Galicia e de toda a xeografía española.

Tamén haberá espectáculos de cetrería e obradoiros. Ademais, os interesados xa poden adquirir ata o día 8 os tickets para participar na



cea medieval do sábado. Estarán á venda en Casa Jano, Bar el Tramo ou Bar Asturias.



EN BREVE

LUDETECA. O Concello de Oroul organiza un ano máis a Ludoteca de Verán para nenas e nenos de 4 a 12 anos, empadroados no concello. Esta actividade vaise a desenvolver inicialmente durante o mes de xullo (de 10.30-13.30 de luns a venres) e poderase prorrogar un mes máis en caso de concesión da subvención solicitada á Xunta de Galicia para este fin. O prazo de inscrición permanece aberto ata o 24 de xuño no Departamento de Servizos Sociais. Poden solicitarse máis información no 982 559 109 ou no 677 489 457.

RUTA INDIANA. A Ruta Indiana terá lugar o 3 e 4 de agosto. Abrirán o prazo de inscrición do 18 de xullo ao 31 de xullo de 2024. As inscricións realizaranse a través da web www.concellodeourol.com e solicitar máis información no 982 559 019 ou no 608 694 051.

mondoñedo

Os socialistas urxen ao Concello un plan de limpeza de espazos verdes

Os socialistas de Mondoñedo reclamaron ao equipo de Goberno do PP, no pleno ordinario do mes de maio, un plan de limpeza dos espazos verdes, así como de tódolos espazos públicos como parques, paseos ou a Alameda dos Remedios do concello. Dende o PSdeG de Mondoñedo, “instamos ao equipo de goberno a intensificar as medidas para a adecuación e mellora das zonas verdes, con actuacións de limpeza, conservación e mantemento para que chegue a todos os espazos verdes da cidade”.

Nesta mesma sesión plenaria tamén demandaron unha solución para os ríos dos Muíños, xa que cualifican a situación dos mesmos como de “moi lamentable, e dunha deixadez absoluta por parte de tódalas administracións competentes. Están sen vida, sen auga e cheos de maleza”. Por iso, solicitan unha vía de solución coa colaboración de todos. “A Xunta ten que dar unha resposta clara e comprometida, non podemos quedarnos de brazos cruzados diante deste panorama e deixar morrer aos nosos ríos”, advirten os socialistas. Tamén reclamaron, “un plan de limpeza urxente do cemiterio novo e con máis vixilancia, antes as queixas que recibimos pola falla de persoal. E que permaneza pechado pola noite”. A Agrupación Socialista de Mondoñedo tamén interpelou ao Goberno do PP para coñecer si existen



coches en funcionamento do parque móbil do Concello, sen pasar a ITV, porque teñen constancia de que “actualmente hai coches operativos do parque móbil do Concello sin pasar a ITV”.

XIMNASIO. En relación a que data ten prevista o equipo do Goberno para reabrir o ximnasio municipal na Casa da Xuventude e que leva anos paralizado, o equipo de Goberno respondeu que “este ano ira”, pero que non hai unha data concreta. Lembran que “o PP de Mondoñedo está pagando máis de 1.000 euros ao mes a un particular por un local que non reúne as mínimas normas de accesibilidade, e que non conta nin con duchas nin baños adaptados para que sexa utilizado como ximnasio municipal”.

Por outra banda, preguntaron cando vai construír o Concello o muro

comprometido aos veciños afectados pola construción da nova vía de Carroceira, ao carón do Campo dos Paxariños. Sinalaron xa que chegaron a un acordo coas familias afectadas, e que o Concello conta cunha partida orzamentaria para a realización deste muro.

Nesta sesión plenaria o PSdeG aludiu ademais a unha queixa, que consta no rexistro no Concello, relacionado cun problema de filtracións de humidades que afecta a unha outra vivenda na rúa José María Pardo. Hai que lembrar que nesa mesma rúa, outra veciña denunciou esta mesma situación de filtracións, que están sufrindo dende fai máis dun ano, e que achacan á mala canalización das augas. Aseguran que, segundo explicaron dende o Concello, “non lles consta que esta nova filtración nesta nova vivenda sexa por mor das chuvias”.

Terbutalina, primeiro grupo confirmado do BreaSon

A Asociación Xuvenil Xoldra de Mondoñedo está a preparar a nova edición do BreaSon, un festival que conta con música, oferta gastronómica, teatro e moitas actividades. A cita chega o vindeiro 9 de novembro e os primeiros confirmados son Terbutalina.

Na última edición deste festival contaron con actividades de lecer, unha representación teatral, catas de viño e un magosto. Ao escenario subiron Catuxa Salom, Grande Osso Fillas de Cassandra, Ruxe Ruxe, Los Rastreadores e The Skarnivals.

PISCINA. Mondoñedo dá a benvida ao verán o vindeiro 11 de xullo. Dende o Concello organizan unha xornada de xogos na piscina municipal a partir das 17.00 horas, que no caso de mal tempo se trasladará ao polideportivo.

Os populares esixen a mellora da estrada entre A Xesta e Mondoñedo

O PP lucense reivindica, de novo, a mellora integral da estrada nacional N-634 e, con especial urxencia, o tramo que une o Alto da Xesta e Mondoñedo onde cren necesario tamén prolongar o terceiro carril en sentido ascendente, por tratarse dunha vía que ao seu tráfico habitual suma os usuarios da autovía A-8 cando esta pecha á circulación pola néboa.

Nesta ocasión, os senadores populares levarán á Cámara Alta unha batería de iniciativas para urxir ao Goberno de Sánchez a que interveña para mellorar a seguridade nesta estrada e ofrezca explicacións sobre as actuacións previstas. A presidenta provincial, Elena Candia, participou xunto a José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano nunha visita á zona acompañados por alcaldes e

voceiros populares.

Os populares explican que “esta vía de titularidade estatal atópase desde fai anos nun estado moi deficiente, cun pavimento deteriorado e cunha sinalización e alumeadado que precisan ser mellorados”. E puntualizan, ademais, que “coa chegada do verán o tránsito por esta estrada nacional se ve incrementado por aqueles que se dirixen á costa, sumándose a veciños, transportistas e traballadores que xa fan uso habitual desta vía durante todo o ano”.

Os populares subliñan que non están pedir nada xa estivera previsto facerse en atención ás circunstancias particulares que concorren nesta estrada. De feito, xa en 2017 “un Goberno do Partido Popular proxectou esta intervención”.

EN BREVE



CARNE DO PORCO. Cervo desfrutou da Festa de Exaltación da Carne do Porco da man de Airiños do Xunco, con guateque de Arruguiñas a cargo de DJ Ovo. Os asistentes gozaron dunha xornada coa gastronomía e a música como protagonistas na que puideron probar distintas tapas creadas polos locais hostaleiros.



BOXER. A vila acolleu a XVII Monográfica Rexional de Galicia de Boxer. A cita tivo lugar en Sargadelos e contou con 49 cans desta raza inscritos procedentes de diferentes puntos de Galicia, Asturias, Andalucía, Castela e León ou o País Vasco. Entre os premiados están, entre outros, Nolan de Entreboxer como Mellor de raz, Tasija Serbian Diamond como mellor femia e Galiza de Iblitaria como mellor Veterano e Mellor nacido en Galicia.



MANUALIDADES. Os usuarios do programa Coida Cervo desfrutaron da última actividade da tempada. Consistiu nun divertido e didáctico taller de manualidades con material de refugallo. Tiraron un pouquiño de imaxinación e déronlle unha nova vida a moitos elementos que forman parte do noso día a día, e que moitas veces acabamos desbotando.



ESCOLA INFANTIL. Cervo programou unha excursión de fin de curso para as crianzas e as familias da Escola Infantil Municipal. Foi unha xornada de convivencia na Granxa do Souto, en Mera, na que participaron máis de 100 persoas, entre alumnado, docentes e familiares. Todas elas desfrutaron dunha divertida xornada de convivencia.

Cervo mellora e acondiciona as súas praias para a tempada

O Concello de Cervo acomete traballos de mellora e acondicionamento do litoral enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dos Fondos NextGenerationEU. A rexedora, Dolores García Caramés, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, achegáronse ata a praia do Torno para ver in situ a actuación que contempla a mellora dos accesos, a instalación das bases das duchas e de varios aparca bicicletas na contorna do paseo “para equipar a praia destes elementos que cada día son máis requiridos polas persoas usuarias deste recurso natural do noso municipio”.

En concreto, a actuación supón un investimento próximo aos 50.000 euros – 48.312,87 euros exactamente- e permitirá dotar a esta zona tan frecuentada durante o verán de mellores infraestruturas e equipamentos adaptados e integrados co medio que tamén contribuirán a mellorar



a estética e a accesibilidade e farán máis comfortable a estancia nas nosas praias nestes meses de verán, apuntou a rexedora.

BANDEIRA AZUL. A praia do Torno, en San Cibrao, xa loce a súa bandeira azul. A insignia, que premia a xestión ambiental do Concello, foi izada pola rexedora, Dolores García Caramés, a tenente de alcaldesa, Mali Méndez, e o edil de Emprego, Alfredo Fernán-

dez, acompañados por varios traballadores municipais e polos socorristas que velarán pola seguridade dos bañistas durante os próximos dous meses.

Ademais, xa locen tamén a bandeira Ecoplayas, a de praia sen fume e tamén o distintivo de Sendeiro Azul, que “recoñece o valor medioambiental desta ruta” e pon de manifesto “o compromiso municipal co turismo sustentable e de calidade”.

Subvencionan un curso de iniciación á forxa tradicional

Cervo apoia un curso de iniciación á forxa tradicional impartido por Telmo Cao. O taller celebrarase do 5 ao 9 de agosto, e as persoas interesadas poden inscribirse e recibir máis información sobre o prezo -subvencionado parcialmente polo Concello- no teléfono 638 717 272 ou no correo telmcao@yahoo.es.

O obradoiro deste artesá está instalado na antiga nave de fundición de Sargadelos, que lle fora cedida polo Concello de Cervo no ano 2020. O artesán Telmo Cao abre as portas do seu obradoiro, instalado na antiga nave de fundición de Sargadelos a aquelas persoas interesadas en recibir formación teórica e práctica en materia de forxa tradicional.

Deste xeito, promove un taller en colaboración co Concello, que se desenvolverá do 5 ao 9 de agosto, no seu obradoiro, situado no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos. Este obradoiro nace como un complemento á actividade principal que desempeña no seu taller no que realiza pezas únicas previo encargo.

Dolores García Caramés felicitou ao artesán “por esta iniciativa pioneira de compartir o seu talento e abrir as portas do seu taller a aquelas persoas interesadas na materia que terán o privilexio de achegarse a este mundo da man dun dos poucos profesionais que quedan en activo neste oficio”.

Convocan os programas de voluntariado e Enredando no Verán

O Concello vén de convocar o programa Cervo a carón do voluntariado VII, dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos; e Voluntariado Miúdo IV, dirixido á mocidade de entre 12 e 15 anos.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, achegouse ata o IES Marqués de Sargadelos para explicarlles aos rapaces e rapazas en primeira persoa en que consisten estas iniciativas e o obxectivo xeral do proxecto de voluntariado xuvenil “que é poñer en práctica a implicación solidaria e o compromiso activo da comunidade moza coa sociedade a través do desenvolvemento cultural e social”.

A convocatoria abriuse para todos aqueles mozos e mozas que queiran participar como voluntarios/as nas diferentes actividades previstas durante todo o verán. As persoas interesadas poden recibir máis información e inscribirse na Casa da Cultura. O proxecto de Acción Voluntaria prolongarase durante todo o verán, de xeito que cada voluntario ou voluntaria colaborará nas iniciativas propostas un máximo de 60 xornadas e 6 horas en cada unha.

Entre as actividades nas que as per-

soas inscritas desenvolverán o voluntariado están o apoio ás noites alternativas de verán, o apoio no Programa Concilia, dirixido ás crianzas e que se desenvolve durante as vacacións de verán para favorecer a conciliación familiar, ou a colaboración en diferentes actividades nocturnas de carácter cultural.

ENREDANDO. Tamén organiza unha nova edición do programa Enredando no verán que combina este ano teatro e actividades deportivas. A arte escénica é a protagonista os mércores ás 10:30 horas, para crianzas de 6 a 9 anos, e ás 11.30 horas, para crianzas de 10 a 12 anos. Esta actividade será no pavillón da Veiga e comeza o 17 de xullo. Os interesados deben anotarse na Casa da Cultura ou no correo casadacultura@concellodecervo.com ata o luns 15 de xullo

Ademais, os cativos poderán gozar de clases de ioga os martes (para crianzas de 6 a 9 anos) e os xoves (para crianzas de 10 a 12 anos) ás 12.00 horas. A actividade comeza o día 8 e os interesados poden anotarse na Casa da Cultura ou no correo casadacultura@concellodecervo.com ata o luns 8 de xullo.

Adxudican os traballos de mellora da estrada de Río Covo a Vilaestrofe

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación, por un importe de preto de 410.025,27 euros, as obras de acondicionamento da estrada LU-P-1503, que vai dende Río Covo, por Trasbar, a Vilaestrofe. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen sinalou que estes traballos, que contan cun prazo de execución de 9 meses, desenvolveraos a empresa Fevisa Vías y Obras SL e afectarán a case 3 quilómetros, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6.

Detallou que as obras consistirán na reapertura das cunetas e no ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos. Botarase sobre a calzada unha base para regularizar o firme, e logo, aglomerado en quente. Os traballos finalizarán coa sinalización e pintado mediante marcas reflexi-



vas brancas. A adxudicataria comprometeuse ademais a mellorar a actuación coa dotación de cunetas triangulares, aumentando o prazo de garantía en 3 anos por riba do obrigado.

“Esta é unha actuación moi importante porque esta vía enlaza coa estrada provincial LU-P-1502, e serve de acceso a múltiples servizos, porque comunica co concello de Burela e o Hospital Público da Mariña; cos campos de fútbol da Granda, en Rúa; e o da Chá, en Vilaestrofe; así como co Miradoiro de Monte Castelo”, relatou García Porto.



Anxo e Germán recibiron os premios do XIV Concurso Cervo Respecta

A alcaldesa, Dolores García Caramés, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, entregaron os premios do XIV Concurso Fotográfico de Medio Ambiente Cervo Respecta, no Parque Reina Sofía.

O certame contou coa participación de 44 instantáneas cun grandísimo nivel; pero o xurado coincidiu en premiar Anxo Cao co primeiro premio pola súa foto Cea ao atardecer, con 58 puntos; a Germán Paleo co segundo premio pola súa foto Es-

finge Colibrí, con 57 puntos; e o TOP Cervo á mellor fotografía na que se indentificaba claramente unha paraxe do Concello tamén foi para Germán Paleo, pola instantánea A Ponte do Bao, con 49 puntos, coa que fixo dobrete.

“Parabéns a Anxo e a Germán e moitas grazas a todas as persoas que participaron e que quixeron compartir con nós o seu talento a través da óptica”, dixerón desde o Goberno local.



A veciñanza do Vicedo manifestouse pola vila en defensa da súa sanidade

O Vicedo volveu saír á rúa para denunciar a falta de facultativos no centro de saúde do municipio. As asociacións culturais, deportivas e de veciños do concello do municipio convocan unha nova manifestación este domingo 23 de xuño ás 11.30 horas diante do Concello na defensa da súa sanidade.

Con esta nova convocatoria pre-

tenden esixirle ao Sergas unha mellora nas condicións sanitarias e que cubran as prazas de médicos que están vacantes no centro de saúde do municipio. Trátase dunha necesidade que levan reivindicando dende fai tempo e que implica unha cobertura deficitaria así como tamén desprazamentos da veciñanza ata outros centros como ao PAC de Viveiro.

Ruta, pregón e actuacións dentro do programa da Romaxe Viquinga

O deputado de Medio Ambiente, Carlos López, participou na presentación da VII edición da Romaxe Viquinga do Vicedo 2024, que se celebrará os días 26 e 27 de xullo. No acto, que se desenvolveu na Casa da Cultura do Vicedo, sinalou que a Deputación de Lugo achega preto de 30.000 euros para esta festa que recrea na praia de Area Grande o desembarco normando e a loita contra as tropas do rei Ramiro I na praia de Area Grande.

“A Romaxe Viquinga é moito máis que unha simple representación histórica. É unha celebración da nosa identidade, unha mostra de como a nosa terra foi e segue sendo un lugar de encontro e convivencia de culturas”, sinalou Carlos López. Destacou o impacto “positivo” que esta cita ten na economía local porque “este evento atrae a visitantes de todas partes, o que se traduce en beneficios para o comercio, a hostalería e o turismo”. Nese sentido, o deputado sinalou que na institución provincial “apoiamos este tipo de festividades que promoven o turismo de experien-



cias porque encaixan co modelo de turismo polo que apostamos. Un turismo de calidade, sostible e non masificado”, o camiño “para diferenciar a nosa oferta turística e atraer visitantes que buscan algo único e inesquecible”.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, destacou a singularidade desta cita que “supón unha oportunidade turística para O Vicedo” e que “se supera cada ano, tanto en participación e cantidade de público como no nivel da organización”. Participaron tamén na presentación o alcalde do Vicedo, José Novo, e o ilustrador dos carteis e as camisetas da cita, Cris-

tian Caruncho, entre outras autoridades. Un acto no que deron conta da programación deste evento.

O actor Alfonso Agra será o encargado de dar o pregón o venres 26. A festa ofrecerá a programación tradicional e varias novidades, como unha ruta cultural explicativa pola zona dos Moutillós que conducirá un guía o xoves 25, xornada previa ao inicio da romaxe, e o sábado 27 será o día grande con actuacións e actividades aínda por definir. Tamén se contará cun grupo de recreación histórica de Ponferrada que reforzará a presenza cristiá nas actividades de recreación e talleres.

AXENDA DE ACTIVIDADES

RUTAS. Como parte da programación sociocultural deste mes de xullo, organizan rutas guiadas no concello do Vicedo. O sábado 20 de xullo, a partir das 10.00 horas terá lugar o percorrido *Illa Coelleira: Entre a realidade e a lenda*, a través do que se percorre un tramo da ruta da costa, entre a praia de Xilloi e o miradoiro das laxes. Ademais, o xoves 25 de xullo, a partir das 10.00 horas terá lugar *Os Moutillós, un fito na praia de Area Grande*. Son unhas 3 horas de percorrido e uns 4 quilómetros. Por outra banda, como parte da programación sociocultural, organizan os Mércores da Natureza. O 17 de xullo a partir das 10.30 terá lugar a Subida do Río Sor en *kayak* con saída dende o porto do Vicedo e regreso en furgonetas. A actividade ten un prezo de 17 euros e unha duración de 2 horas. O mércores 31 é a quenda, a partir das 22.30 horas, dunha ruta de sendeirismo nocturna de tipo circular dende o porto do Vicedo, pasando por Xilloi e con regreso ao porto. Son 8 quilómetros de itinerario. Os interesados en participar poden inscribirse a través do 982 591 195.

ANDAINA SOLIDARIA. Abre o prazo de inscricións para a 1ª Andaina Solidaria organizada por Nordés, a

asociación polo desenvolvemento das Terras da Faladora, en colaboración co Concello de Mañón. Cun percorrido de 5 quilómetros con saída e chegada á Praza do Mesón do Barqueiro, terá lugar o sábado 20 de xullo, estando aberto o prazo para as inscricións ata o venres 19. O prezo é de 15 euros para os adultos e 10 euros para menores de 18 anos, destinándose a totalidade do recadado para unha ONG ou institución que traballe coa infancia na Franxa de Gaza.

PAI. Abre o prazo de reserva e novo ingreso para o curso 2024/2025 no Punto da Atención a Infancia do Vicedo. Os interesados poden facer a súa reserva ata o día 12.

FESTA DO TURISMO RURAL. O Vicedo presenta o programa da Festa do Turismo Rural, que terá lugar o domingo 14 de xullo no miradoiro Parque Eólico Riobarba e chega a súa vixésimo cuarta edición. Haberá misa, degustacións, campionatos ecuestres, baile e 1.740 euros en premios e está organizado polo Concello. A celebración arranca ás 12.00 horas con misa solemne na honra a San Vicente de Francos para dar paso, a partir das 14.00 horas, a unha degustación de pro-

ductos típicos. Os campionatos ecuestres comezarán ás 17.00 horas e a entrega de premios será ás 18.30 horas, á que seguirá un baile.

SEMANA TECNOLÓXICA. O Vicedo organiza a Semana tecnolóxica para a cativada como parte da programación sociocultural deste verán. A cita está pensada para nenos e nenas de 8 a 16 anos e será do 29 de xullo ao 2 de agosto na Casa da Cultura do Vicedo. Coñecerán máis sobre o modelado e impresión 3D, sobre robótica e enxeñaría e sobre creación de videoxogos e animación. Os interesados poden anotarse no 982 590 195. A actividade terá lugar na casa da cultura.

UD FOLGUEIRO. A Unión Deportiva Folgheiro prepara unha comida popular polo seu 21 aniversario. A cita será o 13 de xullo no campo da festa do Folgheiro e arrancará ás 13.00 horas son sesión vermú da man de Zafiro que tamén amenizará a tarde. Ademais, poñerán un autobús gratuito que sairá ás 12.30 horas desde a estación de autobuses. O menú é a base de empanada, mexillóns, langostinos, carrilleiras e sobremesa por 40 euros por persoa e 20 para os menores de 15 anos.



Trabada estrea dous puntos de recarga de vehículos eléctricos

O Concello de Trabada puxo en marcha dous puntos de recarga de vehículos eléctricos no municipio, un novo servizo para os seus veciños e visitantes que será gratuito ata o mes de outubro. Os puntos de recarga están emprazados na área de autocaravanas de Ría de Abres e na rúa Celso Currás, nas inmediacións do Centro Etnográfico Xosé Rocha.

Unha vez que a ordenanza reguladora fixe o prezo deste servizo para os usuarios, os veciños e veciñas censadas en Trabada contarán con descontos e bonificacións. O alcalde de Trabada, Rubén García, destaca “a importancia de impulsar a mobilidade eléctrica, que é respectuosa co medio ambiente, e para iso é preciso dotar o concello de puntos de recarga de vehículos eléctricos”.

O PSOE reclama a apertura do Mazo de Ferreiravella

A Agrupación Socialista de Riotorto denuncia que o mazo situado na área recreativa de Ferreiravella continúa en desuso, pola mala xestión do Concello, catro anos despois de que pechara pola pandemia. Apuntan desde o PSDeG que é un dos espazos máis empregados pola veciñanza e da contorna cando chega o bo tempo e esíxenlle ao alcalde que lle poña solución.

“Non é de recibo que o alcalde perda o tempo sacando fotos en vez de traballar pola veciñanza abrindo o mazo de Ferreiravella”, reprochan. Aseguran que o restaurante público deste espazo dedicado aos ferreiros é un dos recursos turísticos máis importantes cos que conta Riotorto e que leve pechado tanto tempo, “sobre todo en época estival que é cando mellor debería funcionar pola chegada de visitantes, supón un dano enorme para o desenvolvemento socio económico deste concello”.

Os socialistas critican tamén o “cinismo e o electoralismo” do PP “que predica a importancia de atender as necesidades da xente, pero son os primeiros en darlles as costas”.

Entra en funcionamento a planta de transferencia

A nova planta de transferencia de residuos de Riotorto, construída pola Xunta cun investimento de 2,15 millóns de euros, entrou en funcionamento cunha capacidade de tratamento de 7.500 toneladas de refugalloos urbanos ao ano.

Esta planta dá servizo a seis concellos (Abadín, A Pastoriza, A Pontenova, Meira e Trabada, ademais de Riotorto), que suman unha poboación de máis de 15.500 habitantes.

Esta infraestrutura substitúe á antiga microplanta localizada tamén en Riotorto, con capacidade para tratar tan só os residuos procedentes do contedor xenérico, explicou que as novas instalacións están preparadas para transvasar as tres fraccións que recibe a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) —envases de plástico, latas e briks (bolsa amarela), fracción resto (bolsa negra) e materia orgánica (bolsa marrón)— e transferilas despois á planta de compostaxe de Cervo.

Ademais, a instalación conta cos



mellores equipos en canto a eficiencia enerxética e tamén con paneis solares que permitirán compensar os consumos eléctricos. Así mesmo, dispón dunha depuradora, de sistema de pesado e aparcamento para varios contedores.

Neste sentido e aínda que as competencias de xestión dos residuos son municipais, o Goberno galego mantén o seu apoio aos concellos para axudarlles a garantir o cumprimento da normativa neste eido, poñendo

ao seu alcance as dotacións necesarias.

A rede pública galega impulsada pola Xunta para a xestión da materia orgánica está composta por 17 plantas: 4 dedicadas ao tratamento dos biorresiduos para facer compost (1 por provincia) e 13 de transferencia (todas elas dotadas dunha tolva específica para o transvase da materia orgánica recibida, como paso previo ao seu traslado ata a planta de compostaxe máis próxima).

EN BREVE

PODOLOXÍA. O Concello de Riotorto ofrecerá o día 10 de xullo unha sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo ten un prezo de 15 euros. Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroadado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiranse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello. Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas de cara a favorecer o seu benestar integral.

EXCURSIÓN. O club de lectura Avelino Díaz, en colaboración coa asociación cultural Avelino Díaz e a asociación de veciños da Órrea, organiza unha excursión a Ourense o sábado 20 de xullo para facer a ruta da novela de Eduardo Blanco-Amor *A Esmeralda*, ademais doutras actividades e un almuerzo para pasar o día. Para anotarse á actividade, que é aberta a todo o público, hai que chamar ao teléfonos de Araceli (628 671 655) e Carlos (636 721 008). A data límite para inscribirse é o 1 de xullo.

trabada

O alcalde pide que se cubra a praza do médico de familia no consultorio

O alcalde de Trabada, Rubén García, envioulle unha carta ao conselleiro de Sanidade da Xunta, Antonio Gómez Caamaño, para solicitarlle “que se cubra a praza a xornada completa do médico de familia de atención primaria xubilado, recuperando así o servizo de dous médicos de familia no concello”.

“Trala xubilación a finais do ano 2023 dun dos médicos de familia, o servizo recae nun só profesional e en reiteradas ocasións o noso centro de saúde estivo sen médico debido á súa ausencia, xerando así unha situación moi preocupante para tódolos veciños e veciñas de Trabada”, lembra o alcalde na carta.

A poboación ascende a 1100 habitantes, dos cales a maioría son maiores de 65 anos. A isto hai que engadir a gran dispersión da poboación, “que dificulta e aumenta os tempos das consultas a domicilio por parte do único médico co que contamos”. Ademais diso, Trabada conta cun centro de maiores, que atende a 39



usuarios os cales necesitan atención médica de forma habitual”, engade Rubén García, que lle achega ao conselleiro de Sanidade “tódalas sinaturas recollidas en Trabada coas cales os veciños e veciñas do noso concello amosan o seu apoio a que se cubra a praza do médico xubilado”.

“Os concellos pequenos e rurais temos os mesmos dereitos e necesitamos un servizo público digno e de calidade para manter a poboación”, sostén o alcalde, que amosa “a total colaboración do Concello de Trabada con tódalas consellerías pertencentes á Xunta de Galicia para así mellorar os servizos cos que contamos”.

Entregados os premios do certame Avelino Díaz

O xurado do certame de debuxo e poesía Avelino Díaz na súa VII edición entregou os premios aos gañadores nas distintas categorías.

Así, na de 3 a 8 anos, en debuxo, o primeiro premio foi para Érika Barreiro Silva, coa obra *As Paisaxes de Avelino 1*. En segundo lugar quedou Julia Ferreiros Díaz, con *Avelino Díaz casándose*. O terceiro posto foi para Diego Rodríguez Crecente, coa obra *A aldea dos corazóns máxicos*.

Nesta categoría concedéronse dous accésits. O primeiro foi para Martín López Gil, por *As paisaxes de Avelino 4*, pola súa composición; e para Andrea Gasalla Eiras con *Avelino o pirata*, pola súa orixinalidade.

Na categoría de 9 a 12 anos, para traballos en poesía, o primeiro premio foi para Alexandra López Álvarez coa obra *Para Avelino*. En segundo lugar quedou Eduardo López Anido con *Avelino*, e pechou o podio Carolina Marqués Barcia, con *A síndrome de Down*.

Todos os traballos gañadores corresponden a alumnado de CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, agás os terceiros. Diego Rodríguez é do CEIP Plurilingüe San Xoán de Becerreá e Carolina Marqués de Riotorto.



Tamén en poesía competiron na categoría de 13 a 17 anos, na que gañou Pablo Pérez Bello, coa obra *O diván de Damián*, e quedou segunda Alejandra Teijeiro Luna, con *Ritmo do Corazón*. O terceiro foi para Rut Busto Domínguez coa obra *Quen me quere*.

Manuel Rancaño Míguez, de 23 anos e de Redondela, foi o gañador do concurso de poesía na categoría de adultos, coa obra *Aos que soñaron con voltar*. En segundo lugar quedou Natalia Lema Otero, de 24 anos e natural de Baíñas, en Vimianzo, que presentou o traballo

O delirio do anxo.

A terceira praza foi para Julio Romero Suárez, de 58 anos, de Arteixo por *Ecos de Bretaña*.

Nesta categoría tamén se repartiron accésits. Inés Mosquera Calvo, de 31 anos, de Santiago, levouse o primeiro por *Flor de algodón*, e David Salazar Vandenberghe o segundo con *Galbana*.

Presentáronse ao concurso un total de 300 traballos, que foron seleccionados por Xosé Otero Canto, Martiño Maseda Lozano e Begoña Vizcaíno Sanmartín. Actuou como secretario Eloi Treita Foxaca.



Xove acolleu a entrega de premios do Concurso literario de artes plásticas

O CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove acolleu a entrega de premios do Concurso literario de artes plásticas do día das Letras Galegas, dedicado a Luísa Villalta e que cada ano organiza a concellería de cultura do Concello de Xove.

Na entrega, participaron o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, e a concelleira de cultura, M^a Dolores Meitín, que agradeceron a todas e a todos a súa participación e a colaboración dos centros educativos de Xove o CEIP Pedro Caselles Rollán e o IES Illa de Sarón.

Tamén destacaron o difícil labor do xurado recoñecendo o seu traballo e felicitaron a todos os premiados.

Desta maneira, do Ceip Pedro Caselles Rollán foron premiados Xare González Celaya, de 4^o Educación Infantil; María García Val, de 5^o Educación Infantil e Carmela Míguez Varela, de 6^o Educación Infantil de Artes Plásticas. En 1^o Educación Primaria, foi premiada Valeria Vilasa Posada, no Concurso Literario; e Jimena Paleo Enríquez e Valeria Vilasa Posada, no de Artes Plásticas. En 2^o Educación Primaria, foi premiada Alma Rodríguez Fra no concurso de Artes Plásticas; mentres que en 3^o Educación Primaria houbo premios para Pablo Gracia Val, Jesús López Franco e Martina Mariño Ferrería

no Concurso Literario; e para Martina Mariño Ferrería, Jesús López Franco, Pablo García Val e Leila Alcalde Fernández no de Artes Plásticas.

Xa en 4^o Educación Primaria, foron premiadas Eva Cancela Trastoy e Alba Maseda Franco no Concurso Literario; e Alba Maseda Franco, Eva Cancela Trastoy e Emma Míguez Varela no de Artes Plásticas. Pola súa parte, en 6^o Educación Primaria, acadaron os primeiros premios Andrés Alcalde Fernández e Paula Pérez Teijeira no Concurso Literario; mentres que Paula Pérez Teijeira, Óscar Bértolo Casabella e Álvaro García Casabella foron os gañadores do de Artes Plásticas.

Pola súa parte, no IES Illa de Sarón, os premios foron para Marcos Mariño Ferrería, de 1^o da ESO no Concurso Literario; e para Marcos Mariño Ferrería, no de Artes Plásticas. No caso de 3^o da ESO, a premiada foi Carla Casabella Puñal, tanto no Concurso Literario como no de Artes Plásticas. Finalmente, en 4^o da ESO, no Concurso Literario premiouse a Saliha El Omari, Iago Losada Fernández e a Daniel Luis Casabella Fernández; mentres que no de Artes Plásticas foron homenaxeados Saliha El Omari, Iago Rivas Balsa e Daniel Felipe Garnica Díaz.

ESCOLA DE MAIORES



Entregan en Xove os diplomas aos alumnos que participaron na Escola de Maiores, que imparte a educadora familiar, Angélica Casabella Quelle, dende fai máis de 20 anos. A entrega tivo lugar no salón de plenos do Concello e despois houbo unha comida de confraternidade entre todos os alumnos e a profesora, e tamén coa asistencia do alcalde.

Os socialistas denuncian a “pouca organización” do Goberno local

O grupo Socialista de Xove, con motivo do primeiro aniversario desta lexislatura, a través da súa representante Rogelia Mariña trasladou unha serie de preguntas ao Equipo de Goberno para ver cal foi o contido e polo tanto, consecución neste primeiro ano de goberno. Rogelia Mariña trasladou doce preguntas e unha moción para solicitar a construción dun bloque de 100 vivendas sociais para dar resposta ao tema de falta de vivendas en Xove. “Xa que dende os anos 2000 nada se fixo, e tamén vemos que dende fai máis de 16 anos nin unha sola grúa se ve en Xove. Polo que esta carencia de vivenda, obriga á xente moza a mercar fóra do noso pobo”. As preguntas foron sobre como avanza a mellora do abastecemento da auga, xa que se hai seca volverá a haber restricións e cando chove segue a saír barro polas billas. Sobre a mellora e ampliación do polígono de Camba, “máis do mesmo: “Está igual que cando se fixo aló polos 90, e a contestación é estamos elaborando o proxecto”.

No tema de Centro de día, a contestación por parte do Goberno é que “o están mirando e mira que mira levamos 17 anos sen el”. Sobre o saneamento, a opción do Goberno PP de Xove e Xunta é “seguir cos pozos negros, nada van facer para avanzar neste tema. Seguiremos contaminando as augas subterráneas, os ríos e vertendo ás praias, política do PP”.

Sobre os peiraos para o porto de Morás, “as mesmas desculpas dos últimos 17 anos, que si é culpa de costas, de Portos”. Con respecto da mellora agrícola e forestal, “as pistas forestais cada día en peor estado e sen regulamento de coidado ningún”. No aspecto deportivo, “triste ver como admite o señor alcalde que é posible a desaparición do Xove-Lago, cando dende o Goberno fan moi pouco para potenciar o deporte de base. Fíxose un campo de adestramento case coma os que ten o Real Madrid, dentro de pouco será para levar as vacas a pastar, aínda que nin iso xa que é de herba artificial”.



Volven as degustacións e a música nunha nova Festa do Percebe

Xa hai data para a XI Edición da Festa do Percebe de Xove, onde se degustarán os mellores percebes. A cita volve ao municipio o sábado 22 de xullo e terá lugar, como vén sendo habitual, na Praza do concello de Xove. Xunto coa gastronomía, que será a gran protagonista da xornada, os asistentes poderán gozar de actuacións musicais.

O pregoeiro desta edición será o conselleiro do Mar Alfonso Villares. Esta festa gastronómica, que se celebra a mediados de xullo, cumpriu no ano 2022 a súa novena edición.

Está organizada pola Asociación de Festexos A Medorra e o Concello de Xove, e reparte en cada edición máis de 1.500 racións, ao redor de catrocentos quilos de marisco.

A conta en cada convocatoria cunha carpa instalada para a ocasión, e o produto procede das lonxas da zona onde se venden os máis grandes e mellores percebes procedentes dos cantís da Mariña e Ortegá. A festa comeza ao mediodía e dura toda a xornada, alternando actividades como charangas, discoteca, actividades infantís, obradoiros e teatro.

Organizan unha nova edición da ruta polo Monte Comado

Permanecen abertas as inscricións para o 1/2 km vertical Monte Comado, en Barreiros. A actividade, que conta con prezos reducidos, terá lugar o 21 de xullo. Esta proba está incluída no circuito +KmsBarreiros e son 3,8 quilómetros e 500 metros de desnivel positivo. Trátase dunha cita habitual no calendario que comprende unha das probas máis extremas celebrada no municipio.

Barreiros adquire unha moto de auga para socorrismo

O Concello vén de acadar a sinatura dun convenio coa Dirección Xeral de Emerxencias para adquirir unha moto de auga para o servizo de socorrismo. Barreiros recibirá 20.000 euros para afrontar a compra dun material que fora solicitado por escrito pola propia alcaldesa en 2023. Ana Ermida sinala que o municipio “contará así cun equipamento profesional moi demandado polos servizos de emerxencias, co que se dotará ao servizo de socorrismo e á propia agrupación de persoas voluntarias de Protección Civil; tomando a iniciativa de propoñer melloras que contribuirán a unha mellor seguridade nas nosas costas, e que permitirán mellorar moito os tempos de resposta e a chegada a lugares de difícil acceso para as zodiacs.”

O CEIP de Barreiros recibe tres premios ao Cooperativismo

Un total de sete centros galegos das localidades de Moaña, Tomiño, Vigo, A Coruña, As Pontes de García Rodríguez e Barreiros recibirán os premios do certame Cooperativismo no ensino co que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración busca difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia.

Na categoría para o primeiro e segundo curso de Educación Primaria o accésit recaeu en *Laberinto cooperativo* do CEIP San Miguel de Reinantes. O accésit do premio ao mellor traballo da categoría de terceiro e cuarto de recaeu en *Coopexogo*, do mesmo centro. Por último, na dirixida a quinto e sexto de Educación Primaria, o accésit foi para o traballo *Coopera que é historia*.

Crítica do PP á desatención do estado das leiras municipais

Dende o Grupo Municipal do PP de Barreiros denuncian que non foi ata o 17 de xuño cando a alcaldesa deu orde de comezar coa limpeza e roza das estradas municipais co tractor novo “un labor moi necesario e que dende as filas populares levamos meses reclamando”. O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, recorda que en todo o municipio a vexetación medrou sen control “sendo necesaria a súa limpeza dende hai moitas semanas” pero “o equipo de goberno decidiu mirar cara outro lado”. “Polo menos tentan lavar a imaxe do municipio ás portas da temporada de verán”, ironizou.

Neste senso, Gómez Puente recorda á rexedora a necesidade de manter este plan de limpeza e roza durante todo o ano, xa que “non se pode deixar o municipio abandonado e tentar lavar a cara en dúas semanas”. O popular recorda que é necesario acometer de inmediato rozas de vexetación, tanto nas beiras das estradas como nas zonas públicas destinadas ao paseo, xa que a imaxe que levan veciños e turistas, que algúns xa comezaron a chegar, “é dun total abandono e improvisación” sendo preciso tamén a renovación de numerosas sinais de tráfico, xa que



moitas están deterioradas ou rotas. José Manuel Gómez Puente insiste en que estes traballos non só contribúen a mellorar a imaxe do municipio, senón que axudan a “mellorar a seguridade viaria” garantindo a visibilidade en numerosos cruces e curvas, así como para ver sinais de tráfico que agora están cubertas pola maleza. Aos populares resúltalles “curioso” está demora no inicio destes traballos a pesar de que o Concello de Barreiros ten dous tractores, un deles financiado pola Deputación.

Neste senso, Gómez Puente fai referencia á sinatura do convenio entre a Deputación e o Concello de Barreiros para a compra deste tractor. A que naquel momento era deputada de Medio Rural, Mónica Freire Ran-

caño, asegurou á sinatura do convenio que “a limpeza e o mantemento da rede viaria contribúe a mellorar a seguridade nos accesos e comunicacións entre os núcleos de poboación, unha das principais demandas das localidades da provincia.

Tamén urxiu á Deputación “a que realice as rozas” nas estradas provinciais de Barreiros xa que a maleza invade a calzada en numerosos puntos, “aumentado o perigo ao diminuír considerablemente a visibilidade e obrigando aos peóns a invadir os carrís de circulación”.

Os populares revisaron o estado de varias estradas provinciais en Barreiros, como a LU-P-0601 (de San Cosme de Barreiros á Ría de Foz) ou a LU-P-0610 (enlace praias de Altar e Reinante á glorieta As Catedrais).

Bota a andar un novo programa de visitas guiadas

Regresa un ano máis o programa de visitas guiadas Barreiros queda en ti. O que se pretende é a través de percorridos, temáticas e localizacións diferentes tanto interior como de costa, amosar a súa riqueza cultural, ambiental, xeolóxica, etc...

Contarán coas propostas, nos meses de xullo e agosto, de De Flor en Flor. A vida dunha colmea, un percorrido sobre a importancia das abellas, xa non só coma produtoras do noso mel, se non tamén o valor que teñen para o noso ecosistema.

Seguiralle O Fráxil fogar da Pillara das Dunas para amosar o fráxil fogar deste paxariño e como todos podemos botar unha man para que poida seguir entre nós. Tamén faremos especial fincapé na importancia do coidado do medio-ambiente e O día a día dun gandeiro, unha visita granxa Mantoño Holstein para poñer en valor o sector primario.

Sesenvolveranse rutas xeolóxicas, gratuítas polo litoral. É necesario inscribirse na páxina web de turismo. Para resolver dúbidas poden contactar co teléfono 982 134 400.

Mariña Patrimonio e a Irmandade comprarán a parcela de Santo Estevo

A Fundación Eira da Xoana (Adega), Mariña Patrimonio e a Irmandade de Santo Estevo anunciaron que dan por rematada a campaña de doazóns tras reunir os 6.000 euros necesarios, grazas á xenerosidade e colaboración cidadá, para a compra da parcela de Santo Estevo. A adquisición desta parcela permitirá preservar e recuperar un espazo de grande valor natural e arqueolóxico.

As tres entidades expresan o seu máis sincero agradecemento a todas as persoas que fixeron as súas doazóns e apoiaron esta causa. A súa colaboración fai posible que este proxecto de preservación e rexeneración da fraga de Santo Estevo se converta en realidade. Grazas ao apoio recibido será posible traballar para devolver este eucaliptal ao seu estado orixinal de fraga autóctona.

Ademais, esta compra permitirá

abrir novas oportunidades para o estudo e a investigación histórica.

OBRAS. Por outra banda, realizáronse obras de reposición de firme e escaleiras que sufriran desperfectos durante o inverno a causa da meteoroloxía, una vez que o terreo foi recuperando estabilidade ao reducirse as choivas. Igualmente, realizáronse as labores de mantemento da pista de acceso, arranxando os desperfectos do inverno.

Ademais, comezaron tamén os traballos de desbroces e limpeza das zonas de uso público, de cara a retirar especies alóctonas ou restos de vexetación que invadía os mesmos. Desde o Concello convidan a visitar este espazo con consciencia do lugar que se vai atopar, cunhas condicións de acceso determinadas e cunha necesidade de coidado e respecto fundamentais.

Finalizan as obras do abastecemento de auga que surte ás parroquias

Remataron as obras que se estiveron realizando nos últimos meses no abastecemento de auga. Membros do Goberno municipal achegáronse ao depósito da Folgueirosa, en San Cosme, e desde o que se abastece ás parroquias costeiras.

Comprobaron a instalación de novas chaves no depósito que veñen a substituír ás existentes con máis de 30 anos, e a posta en marcha dunha nova tubaxe que permitirá mellorar a chegada de auga potable á costa en momentos de máxima demanda. A alcaldesa explicou que “estas obras son só unha parte das que se realizarán, despois de ter realizado un exhaustivo estudo da situación do abastecemento e das posibilidades existentes”.

Deste xeito, a rexedora acadou o compromiso da área de Rural da Deputación de Lugo para afrontar o cambio de bombas de impulsión que mellorarán os caudais que se poden obter e tamén para a redacción dun proxecto de obra para a

substitución da tubaxe principal entre San Caetano e a Folgueirosa, “que sería a solución óptima para a mellora do abastecemento costeiro”, explica.

A concelleira delegada, Montse Porteiro, anunciou que “este investimento é unha primeira mellora que decidimos levar adiante ao ser a tecnicamente posible neste momento, xa que o resto de investimentos a realizar requiren dun maior tempo e complexidades técnicas que fan necesario contar con proxectos de execución.” Neste sentido, anunciou que o investimento realizado con estas obras supera os 10.700 euros; “pero o investimento previsto nos vindeiros meses para lograr unha mellora importante é de máis de 50.000 euros cunha substitución das bombas de impulsión que permitirán duplicar o caudal que chega ás tubaxes en épocas de máxima demanda, mellorando así o servizo de abastecemento en domicilios.”

EN BREVE



CAMIÑANTES. A asociación Camiñantes e Camiños, de Barreiros, rematou a súa peregrinación a Santiago por etapas semanais a través do Camiño de Inverno. O presidente do colectivo, José Manuel Gómez Puente, explica que “ao fin 55 peregrinos fixemos a última etapa do Camiño de Inverno, treito curto de 8 quilómetros, pero intenso en emocións porque chegamos ao momento desexado de abrazar ao Apóstolo Santiago”.



ESPAZO INCLUSIVO. San Miguel de Reinante acolleu a primeira edición do Diversiprix da Asociación Guillem Veiga Iglesias, un espazo de ocio inclusivo que vela pola equidade e a participación de todos. Participaron 10 equipos de toda A Mariña e Asturias, 60 xogadores e máis de 100 espectadores que se deron cita nun novo concepto de ocio.

TEMPO DE VERÁN

A gastronomía, o centro das festas de verán

Centos de persoas percorren os concellos nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e incluso xa entrado o outono para desfrutar dos mellores pratos da gastronomía luguesa

A comunidade galega acolle numerosas efemérides dedicadas aos produtos gastronómicos locais

O polbo, a empanada, o viño, a oliva, a tortilla, o percebe, a carne ao caldeiro, o mel... estes son os ingredientes necesarios para pasalo ben nunha festa de verán polos distintos concellos da provincia de Lugo, desde A Mariña lucense ata a Ribeira Sacra, pasando pola Terra Chá, pola Montaña de Lugo e pola comarca de Sarria.

Os galegos, e sobre todo os lucenses, desfrutamos dunha festa cando vai acompañada de boa comida, boa música e boa compañía, e por iso existe o slogan de "E para comer, Lugo", recoñecido en Galicia e fóra dela, xa que miles de persoas veñen desfrutar da nosa gastronomía e dos nosos costumes culturais, etnográficos, sociais e, por suposto, do ámbito culinario.

A continuación, poderase consultar a información relativa aos diferentes eventos gastronómicos da provincia de Lugo segundo os meses nos que se desenvolvan.

XUÑO

En xuño celébrase a **Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite** en Ribas de Sil, un evento no que as persoas que participan poden degustar as cereixas e outros produtos típicos da comarca do Xeoparque Montañas do Courel, como o viño da Ribeira Sacra e o aceite, produto típico que com-

parte Ribas de Sil con Quiroga. Ademais, durante os días que se celebra, normalmente a segunda fin de semana de xuño, o municipio acolle diversas actividades para os visitantes, como exposicións artísticas, actuacións musicais, obradoiros para os máis pequenos...

XULLO

Pola súa parte, en xullo chega a Celeiro a **XXV Festa da Merluza do Pincho**, unha cita imprescindible na época estival, xa que supón un dos eventos gastronómicos máis importantes da comarca da Mariña Lucense, que pon en valor un dos produtos de máis prestixio da gastronomía galega. Durante a iniciativa, que adoita celebrarse o segundo sábado de xullo, as persoas que se acheguen poderán desfrutar da deliciosa pescada elaborada de formas diferentes: en empanada, en caldeirada, á galega, en salsa verde, en salpicón, la especial Penalba...

Tamén en Celeiro desenvolveranse as súas grandes festas de verán, as **Festas Patronais e do Mar de Celeiro** en Viveiro durante os días 22 e 26 de xullo, nas que haberá unha gran festa da cervexa e empanada, na que haberá degustación de ámbolos dous produtos así como música durante todo día



e actividades culturais.

Pola súa banda, en Xove celébrase tamén nestas datas a Festa do Percebe, na que se poderá degustar este produto típico do mar, acompañado de boa música que chegará ao municipio para amenizar a xornada culinaria.

AGOSTO

En agosto, as festas gastronómicas da provincia de Lugo multiplícanse, sendo o mes por excelencia da comida e a verbena. Así, os días 3 e 4 de agosto terá lugar a **XXXVIII Feira do Bonito** terá lugar o 3 e o 4 de agosto na zona portuaria de Burela, que ofrecerá o produto típico do mar Cantábrico en porcións de bonito asado á grella, de bonito cocido e outra de empanada de bonito. Ademais, durante a festa tamén haberá acompañamento musical e outras actividades culturais e concursos para que as persoas poidan participar.

Esa mesma fin de semana celebrarase a **Festa do Percebe de Rinlo**, en Ribadeo, festa na que todas as persoas que se acheguen poderán desfrutar da festa e degustación deste crustáceo mariño, mentres se desfruta da boa compañía e da música da festa. Pola súa parte, os concellos de Cervo e Barreiros compiten cada

ano por ter o mellor ovo frito, xa que ambos celebran a **Festa do Ovo Frito**, aínda que Cervo leva XVII edicións e Barreiros celebra a súa VI edición. Nesta festa, que celebran os dous concellos o mesmo día e á mesma hora, serven 1.000 racións de ovo frito por hora, acompañados de 4.500 chourizos e máis de 1.000 kg de patacas. Ademais, tamén en Barreiros, cada ano celébrase a **Festa da Tortilla en Celeiro de Mariñaos**, normalmente o terceiro sábado de agosto, dúas semanas despois da Festa do Ovo Frito. O ano pasado, na Festa da Tortilla presentáronse vinte concursantes para elaborar a mellor e máis grande tortilla nas catro categorías do concurso e destacou a elaboración dunha tortilla de 720 ovos, 100 kg de patacas e 10 kg de cebolas. Outra festa que se celebra en Barreiros en agosto, é a **Festa do Marisco**, que terá lugar a súa V edición os días 16 e 17 de agosto. Nestas mestas datas, desenvólvese todos os anos a **Festa da Carne ao Caldeiro de Remourelle**, en Ribadeo, na que as persoas que se acheguen poderán degustar do tradicional prato composto por tenreira galega cocida con pementón, acompañada da música tradicional que se elixa para amenizar a xornada ribadense.



Pola súa parte, Viveiro tamén acolle diversas festas gastronómicas durante o mes de agosto, como a **Festa do Xamón Cocido**, na que haberá degustación deste prato típico galego, así como a **Romaxe do Bo Xantar** en Viveiro, na que a gastronomía será a protagonista da romaría do Naiseiro, que na última edición comezou cunha xornada dedicada ao polbo. Finalmente, tamén se celebra a **Feira da Cervexa Artesá** a primeira fin de semana de agosto, durante a que as persoas interesadas poderán probar ata 60 tipos de cervexas artesás, ademais da cervexa local Xistral. Baixando da Mariña Lucense cara Lugo, a finais de agosto celébrase unha das festas máis recoñecidas de toda Galicia, que é a **Festa do Pemento de Mougán** en Guntín, na que miles de persoas desfrutan deste produto típico da gastronomía galega, que vén acompañado pola degustación do churrasco que se ofrece aos visitantes.

Por outra banda, en Castroverde, tamén a finais, sobre o día 20 de agosto, celébrase a **Feira da Artesanía e Gastronomía** do municipio, onde hai degustación de produtos típicos como o queixo, o viño, o pan... pero tamén acollen exhibición de coches clásicos, talla e escultura, cestería e actividades culturais. Xa na comarca de Sarria, Láncara



do Mel de Quiroga, posiblemente a segunda semana de agosto, que, ademais de acoller postos de mel artesá, traerá grandes actuacións musicais durante varios días para os visitantes. Finalmente, Sober acollerá a **Feira da Rosca e Produtos da Ribeira Sacra** a segunda fin de semana de agosto, poñendo en valor a rosca, o produto gastronómico máis importante do municipio.

SETEMBRO

As festas gastronómicas non rematan en agosto, polo que en setembro pódense atopar diversas propostas culinarias para

Festa da Faba de Lourenzá, unhas xornadas gastronómicas nas que adoita haber degustacións da faba conxuntamente con catas de viños de adegas do municipio, todo iso acompañado de música e actividades culturais.

OUTUBRO

Xa en outubro, na capital da provincia, celébrase a **Feira do Mel**, na que se organiza cada ano unha cata de mel así como varios artesáns expoñen os seus produtos en postos establecidos no centro de Lugo a mediados de mes. Da mesma maneira, O Valadouro tamén celebra a súa

Muras, que se desenvolverá o terceiro fin de semana do mes co fin de potenciar e dar a coñecer este produto, aínda que tamén se poderá degustar de maneira gratuíta os liscos, así como desfrutar de diferentes obradoiros e actuacións musicais.

Con respecto á castaña, Burela acolle todos os anos unha festa dedicada a este produto, na que todas as persoas participantes poderán desfrutar a segunda fin de semana do mes e que tamén incluírá cantos de taberna, obradoiros, xogos populares para nenos, unha gran foliada a concertos.

Aínda que non é a única, na outra punta da provincia, en Folgoso do Courel, tamén se celebra a **Festa da Castaña**, aínda que algo antes, a primeira fin de semana do mes, na que, ademais de castañas asadas, as persoas que se acheguen poderán degustar viño e desfrutar das actuacións musicais organizadas.

DECEMBRO

As últimas festas gastronómicas da provincia de Lugo do ano celébranse en decembro, mes no que Vilalba acolle a **Feira do Capón**, unha feira anual que se celebra antes de Noite Boa, enchendo a praza da Constitución de visitantes que se achegan a desfrutar dunha festa con máis de 200 anos de antigüidade e con gran repercusión internacional, na que ademais do capón, hai actuacións musicais de grupos folclóricos galegos.



A Mariña, a Ribeira Sacra e a Montaña danlle á provincia de Lugo unha singularidade particular que a fai única



adoita acoller a segunda semana de agosto a **Festa da Troita**, na que as persoas interesadas en desfrutar deste produto gastronómico do río Neira poderán facelo de forma gratuíta nos establecementos dalgunhas parroquias do municipio.

Na Ribeira Sacra tamén se celebran diversas festas gastronómicas en agosto, como a **Festa da Empanada** de Chantada, que se desenvolve o último martes de agosto e na que, ademais de empanada, pódese desfrutar do viño da Ribeira Sacra, e máis actividades culturais que forman parte tamén das súas festas patronais. Ademais, este ano celébrase a edición XXXIII da **Mostra**

desfrutar da comida popular de Galicia. Así, o primeiro venres de setembro celébrase a **Festa da Troita no Corgo**, na que se ofrecen troitas e churrasco ás persoas que se achegan como parte do evento. A festa está organizada pola asociación de pescadores Ponte de Areas e con eles colaboran os concellos do Corgo, de Guntín e do Páramo. Por outra banda, o último domingo de setembro celébrase a **Feira do poldro e do gando do monte** en Muras, festa considerada de interese turístico galego na que se poderá degustar da carne vacún e cabalar. Ademais, esta mesma e última fin de semana de setembro terá lugar a

Feira do Mel coincidindo coa celebración da festa homónima en Lugo, a mediados de mes. Nesta, hai exposición do mel e outros produtos típicos da zona e da tempada. Aínda que tamén acolle obradoiros, música e actividades culturais.

NOVEMBRO

Entre outubro e novembro as festas gastronómicas típicas son aquelas nas que se poñen en valor os produtos típicos da tempada, como son o mel e a castaña. Así, en novembro tamén se celebran festas do mel, como a **Feira do Mel de Montaña de**

MAR

A Confraría de Celeiro recibe unha axuda para modernizar o porto

A Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro, que está en celebración do seu centenario, recibirá, por parte da Consellería do Mar que dirixe Alfonso Villares, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, axudas por un importe de 1.209.458,69 euros. O depósito presentou, a través das axudas FEMPA para proxectos dirixidos á modernización e mellora dos equipamentos e infraestruturas dos portos tres proxectos: un proxecto de seguridade por importe de 45.400 euros, outro de calidade por 188.922 euros e un terceiro de modernización por importe de 765.230,64 euros.

Trátase de axudas europeas a través do FEMPA con financiamento do 70 % da UE e o 30 % restante a través da Xunta. A entidade pesqueira que preside Domingo Rey mostrase satisfeita e ilusionada con este investimento para o porto de Celeiro. "Trátase, -dí o Patrón maior de Celeiro-, dun proxecto que tiñamos en mente e que agora poderemos facer realidade".

A prioridade destes proxectos, -apunta Máximo Díaz-, "é o fomento da pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos e acuáticos; a través

destas iniciativas buscamos reforzar o sector e a súa actividade desde un prisma económico, social e ambiental sostible. O noso proxecto busca afianzar fortalezas e aproveitar oportunidades para corrixir posibles debilidades e/o ameazas que poidan xurdir".

NOVA INSTALACIÓN. O proxecto de modernización dunha nave de preparación e envasado dos produtos pesqueiros frescos servirá, segundo expresa Rey Seijas, "para afianzar e valorizar e revalorizar os nosos produtos. Esta nave especializada no procesado cremos que servirá para favorecer o incremento do consumo dunha maneira máis sinxela e rápida, e con prezos atractivos para o consumidor". O ente pesqueiro xa comezou as obras da instalación que deberán estar terminadas para outubro; téñense que realizar diversos traballos de construción e adaptación da nave, acondicionamento de aseos, vestiarios, chans, paredes, redistribución de zonas, salas diversas... etc., a fin de configurar unha nova instalación acondicionada e modernizada destinada a revalorizar o peixe e o consumo, e todo iso sempre co sinónimo de calidade e sustentabilidade.

Burela pide eximentes das taxas de portos para concellos e asociacións

O BNG de Burela logra un acordo para pedir á Xunta que exima a concellos e asociacións do pago das taxas de portos. Co voto en contra do Partido Popular, a proposta solicita unha modificación da normativa para crear exencións de pagamento ás que se podan acoller tanto os concellos coma os colectivos nas actividades organizadas en terreo portuario.

Mario Pillado indicou que "o labor que realizan as asociacións locais en colaboración co Concello é fundamental para dinamizar a vila de Burela e por iso cremos que esta demanda é totalmente xusta, tendo en conta que gran parte do custe é asumido polo concello que xa está

suficientemente afogado polas competencias que lle fai asumir a Xunta". Continuou o voceiro do BNG dicindo que "estamos a falar duns 15000 euros anuais nas arcas municipais que fan posible as Festas Patronais, a Feira do Bonito, Expomar ou a utilización de espazos como A Moncloa ou a oficina de Turismo".

Pillado finalizou dicindo que "estamos contentos pola aprobación da moción pero ó mesmo tempo cremos que cadaquén quedou retratado; se o PP prefire poñerse de costas do Concello, do tecido social e, en definitiva, da veciñanza de Burela alá eles, é o camiño que veñen tomando dende fai tempo e nunca perden a ocasión de demostralo".

Foz abre a campaña estival con 15 persoas no equipo de salvamento

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e a concelleira de Turismo, Comercio e Sanidade, Kathy Navarro, presentaron na praia da Rapadoira o equipo de salvamento para este verán. O Concello iniciou a tempada estival con 15 profesionais no servizo de salvamento: 1 xefe de socorristas, 9 socorristas titulados -1 máis que no ano 2023- e 5 auxiliares de praias. Todo o persoal de salvamento está integramente financiado polo Concello de Foz, que permanece á espera da resolución da subvención da Xunta de Galicia que permitiría aumentar o número de socorristas contratados.

As praias da Rapadoira e Llas terán servizo de salvamento de luns a domingo, en horarios de 13 a 19 horas entre semana e de 12 a 20 horas as fins de semana. As praias de Areoura, Peizás e Pólas contarán con servizo de socorrismo entre semana de 13 a 19 horas e sábados e domingos de 13 a 20 h, excepto os luns -Areoura e Peizás- e os martes -Pólas- nas que non haberá servizo de salvamento por descanso do persoal. Foz conta con seis bandeiras azuis.

Só se izarán na praia da Rapadoira, que contará cun distintivo correspondente á praia, e outro polo



sendeiro azul, dado que co persoal dispoñible non é posible cubrir as esixencias da ADEAC no resto das praias. "Sempre primamos a seguridade nas praias aos distintivos destaca o alcalde. Por iso facemos un esforzo moi importante por contar con servizo de salvamento no maior número de areas posibles, especialmente nas praias máis concorridas", explica o rexedor.

A Concelleira Kathy Navarro destaca a ampla dotación de servizos nas praias de Foz, con servizo de baño adaptado a persoas con minusvalía na praia da Rapadoira. "Dispoñemos de cadeira anfibia para o baño, zona de sombra, punto de auga e pasarela ata a area húmida no centro da Rapadoira. Deste xeito aseguramos que calquera persoa poda desfrutar

das nosas praias, que ningunha limitación física sexa un impedimento. Preocúpanos a prevención e a saúde, por iso contamos con DESA nas praias de Rapadoira e Llas, as máis concorridas, para atender con urxencia unha posible insuficiencia cardíaca".

Tamén están abertos ao público os baños de todas as praias e das áreas recreativas do Bispo Santo e Ponte de Ferro, que terán unha limpeza diaria, a excepción da Rapadoira e Llas, que contarán con dúas limpezaas ao día. Ao rematar o verán comezarán as obras para a reforma integral do posto de socorro e dos sete baños da praia da Rapadoira, ao abeiro das subvencións para embelecemento do litoral galego financiadas integramente por fondos Next Generation.

O BNG pide ampliar a 2 anos as axudas ao sector

Carme da Silva, senadora do BNG, vén de rexistrar iniciativas para coñecer a disposición do Goberno do Estado para demandar á Unión Europea a ampliación do tope de 12 a 24 meses para percibir as axudas do Fondo Marítimo de Pesca e Acuicultura. Sinala que, tanto a paralización temporal da actividade como a redución da produtividade, están a afectar de forma negativa ao conxunto do sector mar-industria.

A organización nacionalista, e tamén o sector pesqueiro, considera fundamental "que o Goberno solicite á Comisión Europea que aumente a 24 meses o período de inactividade a cubrir en base a estes fondos. A baixa produción e a situación de constantes paralizacións na actividade pesqueira precísarían dunha ampliación do tope de 12 meses que establece a Unión Europea para as axudas do



Fondo Marítimo de Pesca e Acuicultura que concede á paralización temporal".

"O sector pesqueiro galego atravesou unha crise grave derivada dos brutais recortes pesqueiros impostos polas vedas da UE prohibindo pescar en 87 zonas, o incremento dos prezos dos combustíbeis, as desfeitas dos últimos temporais e actividade humana e industrial nas rías galegas cun serio impacto na produtividade do marisco ou a falta de relevo xeracional", afirma.

A praia de Celeiro está de novo en estudo da calidade da súa auga

A praia de Celeiro está de novo no programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia da Consellería de Sanidade. A praia xa estivo nunha fase de estudo de calidade das augas entre os anos 2019 e 2022, e ao remate desa etapa a consellería ditaminou que a calidade era insuficiente polos malos resultados das análíticas realizadas.

Posteriormente, os traballos levados a cabo polo concello na EDAR de Celeiro e no emisario para unha correcta depuración das augas supuxeron unha mellora na situación, o que provocou que inclúsen de novo a praia en fase de estudo outros catro anos. A campaña de control sanitario das augas de baño comezou o pasado mes maio, obténdose ata o de agora resultados favorables. Dende o concello comunicáronse estes resultados no panel da praia durante estes catro anos que dura o período de avaliación, transcorridos os cales se obterá a cualificación sanitaria das augas de baño da praia de Celeiro.

DEPUTACIÓN

Adxudicado por 400.000 euros o Servizo de Teleasistencia 24 horas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación, por 380.290,80 euros, do contrato para a prestación do servizo de Teleasistencia domiciliaria as 24 horas que ofrece a institución provincial. A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a empresa adxudicataria é Servizos de Teleasistencia SA e a duración do contrato será de 1 ano coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces máis, ata un máximo de 4 anos.

“Este é un dos piares da nosa rede de protección social, xunto cos centros públicos de atención ás persoas maiores e o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia”, valorou a deputada. Engadiu que grazas a este servizo, a

Deputación garante atención domiciliaria gratuíta as 24 horas, os 365 días do ano, a cerca de 2.000 veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia que teñen dificultades na súa autonomía.

Nese sentido, apuntou que a Teleasistencia “é unha forma de favorecer a permanencia, o arraigo e a integración no entorno familiar e social destas persoas, sobre todo no rural”, porque os usuarios deste servizo e as súas familias “viven con máis tranquilidade, pois saben que contan cun sistema de chamada para recibir atención en calquera momento”.

Lembrou a deputada que a Teleasistencia consiste na instalación dun dispositivo no domicilio das persoas usuarias que permita a mobilización

de recursos ante unha situación de emerxencia e necesidade, pero tamén serve para facer seguimento ás persoas que o necesiten.

EMPREGO PÚBLICO. Aberto un novo proceso de selección para a contratación de empregados públicos que prestarán servizo na Deputación de Lugo de forma temporal. Concretamente, a Xunta de Goberno deste venres aprobou unha nova convocatoria e as bases específicas para a creación de catro listas de emprego temporal para desenvolver os seguintes postos de traballo: Un peón para a reparación de vías provinciais, adscrito ó Parque Móbil; un maquinista condutor; un psicólogo ou psicóloga; e un auxiliar administrativo.



Asoporcel recibe unha achega da Deputación para impulsar a produción

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), José Barreira Alonso, un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 39.000 euros a esta entidade. O obxectivo deste acordo é impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta.

José Tomé Roca avanzou que “coa firma deste convenio a Deputación colabora con este proxecto que ten como finalidade principal poñer en mans dos gandeiros e das gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden o máximo rendemento. Ademais, este plan supón un importante impulso para a profesionalización do sector, para o asentamento das ganderías existentes e para atraer aos mozos e mozas a iniciarse na actividade gandeira como modo de vida”.

Nesta liña, as actividades que se van desenvolver dentro desta iniciativa

son as de asesoramento xeral e formación dos gandeiros, orientación e control da xestión dos aspectos sanitarios da produción, así como das medidas de bioseguridade e do mantemento das instalacións. Igualmente, tamén se inclúen recomendacións sobre cuestións relacionadas coa alimentación dos animais, a trazabilidade da produción e asuntos comerciais e publicitarios.

Neste proxecto, que xa se vén realizando nos últimos anos, tamén se inclúen programacións integradas e individualizadas para cada unha das granxas, o que permitirá conseguir resultados de produción máis beneficiosos, en canto a cantidade e a calidade, así como mellores oportunidades comerciais.

O presidente destacou que “esta colaboración demostra o noso compromiso co sector primario e agrogandeiro, que, sen dúbida, é un dos motores económicos da provincia, pois contribúe a crear riqueza, xerar emprego e, en definitiva, fixar poboación no rural da nosa provincia”.

Destina preto dun millón de euros á mellora de catro estradas

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación de catro novas obras en estradas provinciais nos concellos de Antas de Ulla, Castro de Rei e O Saviñao cun investimento conxunto de preto dun millón de euros.

En concreto, en Antas de Ulla adxudicou á empresa Explotaciones Gallegas SL por un importe de 514.225 euros as obras de mellora que se van realizar na LU-P-0301, a vía que dá acceso ao que será o Parque Central de Galicia. O proxecto, que ten un prazo de execución de catro meses, incorpora actuacións entre os puntos quilométricos 0,3 e 3,6 e inclúe o ensanche de varios treitos, as correspondentes tarefas de drenaxe, a colocación das tubaxes correspondentes, así como a limpeza de cunetas. Tras rematar estes traballos, procederase á pavimentación



con aglomerado en quente en todo o trazado, á sinalización da vía con marcas reflexivas brancas e á renovación das sinais verticais.

Ademais, tamén adxudicou por un importe que supera os 300.000 euros as obras que se van realizar en dúas estradas do concello do Saviñao. Por unha banda, adxudicouse

con preto de 230.000 euros os traballos de acondicionamento do firme LU-P-3202, a vía que comunica Monforte con Currelos. No Saviñao tamén adxudicou por preto de 80.000 euros á empresa Fevisa Vías e Obras SL a repavimentación da LU-P5810, desde a LU-P-5804 ata Ereixafeita por Cazón. O prazo de execución destes traballos é dun mes e inclúen o acondicionamento de 500 m2 de superficie mediante un dobre tratamento superficial.

A última das obras adxudicadas foi no concello de Castro de Rei por un importe de 130.000 euros á empresa TA Isidro Hermanos Blanco Trigo SL. Realizaranse na LU-P-1105, a estrada que une Ponte de Outeiro con Quintela, nun prazo de execución de 25 días e afectarán ao treito que vai dende o quilómetro 3,3 ao 6.

COÑECE A TÚA PROVINCIA

A Deputación de Lugo arrancou a cuarta edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán preto de 2.000 persoas de 80 asociacións e colectivos lucenses. Nesta cuarta tempada os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en veráns ata o 19 de xullo, e en outono, de setembro a outubro.



Adxudicado o material do programa Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación, por un importe de máis de 1 millóns de euros, do subministro e instalación de equipamento tecnolóxico para os 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Quedou adxudicado o lote 1, dedicado ao subministro e instalación dos novos equipos informáticos da oficina de asistencia en materia de rexistro á empresa Micromedia SL por un importe de 224.763 euros; o lote 2, destinado a tabletas e o software para recoller a firma biométrica, á empresa Solitium SL por un importe de

91.132 euros; un terceiro lote a escáneres de mesa e o software para converter documentos en formato editable, do que tamén se encargará a empresa Solitium SL por un importe de practicamente 100.000 euros; e finalmente, un cuarto lote, para a implementación de postos intelixentes para os concellos resilientes, que neste caso, queda adxudicado á empresa Micromedia SL por un importe de 603.952 euros.

A institución puxo en marcha este programa, financiado con 4,5 millóns con fondos da Unión Europea

COLABORACIÓNS

Primeiro os meus dentes

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Dicía Mafalda nas viñetas de Quino que algunhas persoas non entenderon polo de agora que a Terra xira arredor do Sol, e non delas mesmas. Que o de sistema heliocentrista non repara no espello do seu cuarto. Por sorte ou por desgraza, hai etapas nas que semella que nolos presentan a todos xuntos, pero sempre algunha excepción nos pon de manifesto o mantra do Dalai Lama. Ás veces as persoas pensan que a compaixón é soamente axuda para os demais, namentras que nós non obtemos ningún beneficio. Axudar a outros require de coraxe e forza interior, pero algúns non teñen a musculatura suficiente como para térense en pé e moito menos preocuparse polos demais. Cando axudas ao próximo na-

turalmente desenvolves un sentido de confianza en ti mesmo. En ciencia dise que canto máis constrúas este mundo sobre ti, máis miserable serás. Non me gusta dar leccións fóra da Academia, nin tampouco consellos, porque non son quen. Sempre trato de facer as preguntas acertadas para que sexa o interlocutor o que atope as respostas que busca. Co que non podo, é coa xente que non se fai preguntas, que non cuestiona nada, que se pensa portadora da verdade absoluta.

Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe, nos dicía o avó L. E de cada un o seu, porque mirar para o que non é dun... Pode que fose a persoa menos envexosa que coñecín nunca, cando lle contabamos que Fulano de Tal comprara unha casa nova e se quería illa ver dicía: "E mirar para o que non é dun..." Pero era o primeiro en erguerse antes de ver saír o Sol para axudarlle a ese Fulano de Tal a ir arranxar a finca de

arredor da casa, ir facerlle leña e levarlle unha cesta de ovos porque nós temos abondo para nós, con catro fillas na casa que alimentar. O orgullo humano e o egoísmo sempre crean divisións, constrúen muros de indiferencia, odio e violencia. O Espírito Santo, por outro lado, fai que os corazóns sexan capaces de comprender os idiomas de todos, mentras reestablece unha ponte de comunicación auténtica entre a terra e o ceo. É por iso que o avó me invita a afastarme dos corazóns que non miran polo meu. Onte a miña amiga N. ofreceuse a vir desde Coruña acompañarme porque sabe que o estou a pasar regular, tres horas de coche só para tomar un café canda min. Interésanme esa clase de persoas, que miran o reloxo pendentes da cita que ti tes no médico, e non elas, que se adiantan a preguntarme polo nivel de azucre antes de comer. Porque cando as persoas se miran moito a sí mesmas, chegan a non saber cal é de verdade a




súa cara e cal é a súa careta. Entendo o contexto de moitas delas, vidas regaladas a base de agasallos, sustento e contactos, acaban por medrar persoas para as que "primeiro os meus dentes e despois os meus parentes."

Eu coido que non hai verdadeira felicidade no egoísmo, que as alegrías, coma as penas, son mellores compartidas. Porque quen come e non da, empachado morrerá. J. é xusto todo o contrario, o outro día compareina con San Antonio e botou as mans á cabeza, pero ela sem-

pre está para todos, pola súa cabeza non me cabe dúbida de que agora mesmo estou a pasar eu e estamos a pasar todas as amigas que temos un problema, para tratar de atoparnos unha solución, malia que isa pase por andar por riba dos seus folgos. E menos mal que existe e que a temos, aínda que non estemos á altura. A miúdo falamos do distinto que vemos algunhas cousas con respecto a outras persoas, pero xa escribiu Maquiavelo que hai homes que esquecen antes a morte dun pai que a perda da herdanza.

Algarve

CULTURA



Rebeca Maseda

Portugal é aínda un misterio para min, tan cerca e tan lonxe ao mesmo tempo.

Compartimos infinidad de cousas, desde aspectos culturais e lingüísticos ata gastronomía ou costumes, pero aínda así, percibo esa fronteira, non sei exactamente como ou por que pero é unha realidade. Sobra dicir que a nosa veciñanza lusa goza dun territorio moi extenso, cheo de contrastes e beleza. De norte a sur podes percorrer centos de quilómetros onde a paisaxe se vai transformando: do mar á montaña, da praia á serra e das pequenas vilas con encanto ás urbes cosmopolitas. Pois ben, hoxe quixera falarvos dunha rexión especialmente descoñecida para min e que, pouco a pouco, vou coñecendo nas miñas escapadelas dende Sevilla: o Algarve. Esta rexión é a preferida polos/

as viaxeiros/as e non é de estrañar. As súas praias de fantasía, paisaxes escarpadas e fermosas aldeñas, outorgan a esta zona do sur do país un encanto irresistible. O principal atractivo é a súa costa con idílicas praias como as de Marinha ou Falesia, franxas de area salpicadas por pináculos de rocha e flanqueadas por cantís de cores que parecen sacados doutro mundo. Aínda que para lugares oníricos, as espectaculares covas de Benagil, auténticas catedrais mariñas que son capaces de quitar a respiración a todo/a aquel/a que pasea baixo os seus teitos furados. Doutra banda, percorrer o Algarve permite ao visitante descubrir recunchos tan fermosos como a Serra de Monchique, cuxos verdes paisaxes fan que explorar esta rexión se converta nunha auténtica delicia. Se a iso lle sumamos a beleza de poboacións como Tavira ou Silves, esta rexión portuguesa consegue atrapar e compracer a partes iguais. Precisamente moi cerquiña de Tavira, entre esta fermosa vila

e Olhao, atópase Fuseta, un dos municipios máis belos para visitar no Algarve. Situada ao final da ría de Formosa, esta vila de aire mariñeiro con saída directa ao mar ten a peculiaridade de que conta cunha illa fronte a ela, a illa de Fuseta, pertencente á extensa illa de Armona. Aínda que bañarse na ría de Formosa é un dos atractivos desa zona, chegar ata a praia de Fuseta tamén é toda unha aventura. Coa ría a un lado e o océano Atlántico ao outro, a illa de Fuseta e a súa praia homónima son a día de hoxe un destino aínda descoñecido para os/as viaxeiros/as internacionais. Desde o porto de Fuseta pódese cruzar en barco ou ferry para gozar dun día de praia entre area branca, dunas e augas cristalinas ao extremo máis ao norte da illa de Armona. Neste lugar tranquilo e relaxante no medio da natureza, pódese ver a curiosa e coñecida "Estación de Salvavidas dá Funzeta do Instituto de Socorros a Náufragos", unha estrutura antiga de formigón situada entre a praia da ría e a do mar á que



é posible acceder cando baixa a marea. Desde alí podes desfrutar dunhas impresionantes vistas de toda a costa portuguesa e dun océano Atlántico infinito. Moi preto da illa de Fuseta atópanse outros lugares perfectos para complementar unha escapada ao Algarve, como a praia Barra Nova ou praia do Amado, considerada unha das mellores de Europa para practicar deportes de vento e auga. Tampouco hai que perderse unha visita a algúns dos pobos dos arredores: Tavira, considerada a vila máis bonita desta zona, cunha ponte

romana que atravesa o río Gilão; Silves, cuxo maior atractivo é o seu castelo árabe erixido entre os séculos VIII e XIII; o pobo de pescadores de Ferragudo; Cacela Velha, unha pequena vila que impresiona polas súas casas encaladas e pola súa localización próxima á ría; ou Carvoeiro. A dicir verdade, non son moi amiga das fronteiras que só serven para dividir, así que, espero poder continuar derribando a que eu sinto coa fermosa Portugal. "Viajar torna-nos livres!"

DEPORTES

Xeira de triunfos laranxas

O equipo masculino logra o regreso á Primeira División, e na feminina as sénior gañan a sexta Liga mentres as xuvenís son subcampioas de España

O Pescados Rubén Burela regresa dúas tempadas despois á elite, á primeira división do Fútbol Sala nacional, logo de facerse co segundo punto da final na quenda de penaltis.

Desde o equipo sosteñen que foi “nun fantástico partido diante dun Vista Alegre cheo ata as topes, no que os burelistas foron durante a maior parte do partido por diante, pero a UMA Antequera non se engurrou en ningún momento e demostrou que tamén estaba feito para ascender a Primeira División”.

O tempo de desconto finalizou con empate a cinco tantos, o marcador non se moveu na prórroga e despois dunha quenda de penaltis larguísimas, Kaluza detiña o décimo sétimo penalti, lanzado polo exburelista Pope, e o capitán Lucho levaba a éxtase ás bancadas do coliseo burelense co tanto que significaba o 7-6 final.

FEMININO. O conxunto feminino do Pescados Rubén Burela xa é hexacampión de Liga despois de vencer ao Futsi Atlético Navalcarnero por 4-0 nun terceiro partido no que un enfervorecido Vista Alegre levou polo aire ao conxunto mariñán cara á vitoria. Con este sexto título ligueiro, a entidade burelista iguala no alto



do palmarés da competición co seu rival nesta final e co Femesala Elxe. Ademais, o conxunto laranxa sumou 14 dos 16 títulos nacionais que se disputaron desde aquela Copa da Raíña vencida polas laranxas en Vista Alegre no peche da tempada 2018/2019. Tamén logrou este ano a súa sexta Supercopa.

XUVENIL. O Burela xuvenil feminino proclamouse subcampión de España tras a súa derrota contra o Playas de Málaga no último encontro por un 5-7. As mariñás venceron a Les Corts UBAE nas semifinais firmando un 1-3, uns resultados que se suman o seu título de campioas galegas nesta tempada.

EN BREVE

RALLYE. Vegadeo prepárase para a quinta edición do Rallye Tierras del Eo de regularidade histórica. A cita será o sábado 13 de xullo a partir das 10.00 horas. Rematará ás 15.00 para dar paso ao xantar e a entrega dos premios. Fíxanse tres categorías en función do tipo de vehículos.

CARREIRA POPULAR. As pistas de atletismo da Veiga serán o escenario da IV Carreira Popular Maruxaina, o próximo 20 de xullo. A cita deportiva é puntuable para o circuito de carreiras Duacode Run Foz Run 24. Celebrarase o evento a partir das 11.00 horas con diferentes percorridos.

TENIS DE MESA. O Pavillón da Veiga será o escenario o próximo 27 de xullo, do V Torneo Concello de Cervo de Tenis de Mesa, organizado polo Club Deportivo San Ciprián en colaboración coa Administración local. As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o 24 de xullo a través dos contactos 636 531 501, 650 056 872 ou cdsciprian@gmail.com.

Comeza o 14 o campus de baloncesto feminino Ribadeo Basket PRO

O campus de baloncesto feminino Ribadeo Basket PRO 2024 desenvolverase do 14 ao 20 de xullo. Está destinado a rapazas nadas no ano 2010 ou nos anteriores. O director técnico é Lucas Fernández, ex seleccionador nacional U14. E os adestradores e adestradoras están vinculados a clubs como o Durán Maquinaria Ensino ou o Gernika.

“Como convidados pasarán por Ribadeo Lino López, ex seleccionador nacional U18, ou Raquel Romo, adestradora axudante do Perfumerías Avenida. Pero desde a organización aseguran que haberá mais sorpresas durante a celebración deste campus Ribadeo Basket PRO 2024”, conta o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent. O edil ribadense engadiu que “as

asistentes participarán en adestramentos específicos, gozarán de traballo individualizado e de preparación física e recibirán formación sobre nutrición deportiva, entre outras cousas”.

Silvent subliñou que están “moi contentos de poder colaborar desde o Concello coa celebración dun evento deportivo deste calibre pola promoción que suporá para Ribadeo e polos valores que lles transmitirá ás rapazas asistentes”. No acto de presentación participaron o alcalde, Dani Vega, o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, o técnico municipal de Deportes, Iván López, a presidenta de ADC Drocer (empresa organizadora), Ana Ónega, e o presidente do CB Ría de Ribadeo, José Ramón Vázquez.



Paula Conde conseguiu proclamarse campioa galega na Sub 18

Paula Conde Carrelo, atleta do Club Atletismo Ribadeo, proclamouse Campioa Galega categoría SUB 18, ao gañar o Campionato Xunta de Galicia de dita categoría e xa sendo na categoría de Pista Cuberta en 60 e 200 metros.

Coa súa actuación na pista municipal de Balaídos, onde se disputou o Campionato, conseguiu dous ouros nas probas de 100 e 200 metros. Marcou os mellores tempos da tempada, a pesar de que a xornada tivo como protagonista o vento en contra.

Así, nos 100 metros obtivo o ouro cun tempo de 12.44, preto da súa marca persoal; e nos 200 metros parou o crono en 25.98, sendo a única atleta en baixar dos 26”.

Ademais, a representación do Club Atletismo Ribadeo culminou coa grande actuación de Brais García González, que disputou a Final A dos 800 metros, a final onde se disputaron as medallas. O atleta ribadense estivo sempre na loita polo podio, xogándose a prata, bronce e o 4º posto, rematando no posto 4º, parando o crono en 2.00.44 e facendo MP.



O club xovense triunfa no IX Intercontinental de Bolo Celta en Nigrán

O Club de Bolos Xove destaca no IX Torneo Intercontinental de Bolo Celta en Nigrán, Val Miñor. Máis de 50 xogadores de Latinoamérica e España déronse cita en Nigrán para competir no torneo, e os resultados obtidos polos xogadores do Club de Birlos Xove son excelentes.

Na categoría individual, Daniel Alonso López alzouse como Subcampión Intercontinental 2024, tras unha emocionante partida que o enfrontou ao recoñecido J. M. Torres do Club de Birlos San Cibrán de Gondomar. Na categoría de seleccións,

a Selección Galega, composta polos xovenses Miguel López e Francisco Pérez, o baionés Adrián Rodríguez e o nigranés Cristian Lebedynski, corrouse como Subcampioa Intercontinental 2024.

Ademais, a Selección de Lugo, integrada polos catro xogadores xovenses Daniel Alonso, Andrés Rodríguez, Cristian Rodríguez e Ginés Rodríguez, logrou unha destacada cuarta posición final. Estes increíbles resultados son un testemuño do talento, esforzo e dedicación dos xogadores do Club de Bolos Xove.

“O máis importante na ximnasia rítmica é unha boa actitude e a disciplina”

A Escola de Ximnasia Porta Norte, que adestra en Ribadeo e Burela, forma a unhas 150 nenas

Lucía Blanco

A Escola de Ximnasia Porta Norte conseguiu fai 15 anos que a ximnasia rítmica asegurara o seu futuro na comarca. “Tomamos o relevo do club que había en Ribadeo, o Elfee, do que eu fun ximnasta. Dúas compañeiras decidimos que era unha pena que se perdera este deporte na localidade e fundamos a escola”, conta Nelly Bouso, a directora técnica. Empezaron cunhas 25 nenas na vila, aínda que pouco a pouco foron medrando ata lograr as 150 ximnastas que o conforman na actualidade.

Adestran en Ribadeo e Burela ata onde se desprazan deportistas de distintos puntos da Mariña e mesmo de Asturias. “Temos nenas de Foz, de Cervo, do Vicedo, de Mondoñedo e tamén da zona occidental de Asturias, de La Caridad, de Castropol ou de Figueiras”. E moven xa todas as categorías. “Adoitan comezar aos 4 anos e empezamos de forma moi lúdica, como unha introdución á rítmica encamiñado a que vexan en que consiste a ximnasia a través do xogo”.

O máis complicado cando se inician nesta práctica é o carácter repetitivo que esixe. “Falamos dun deporte que busca a perfección e realizar exercicios cunha técnica moi perfecta, polo que a única fórmula é repetir moitas veces. Entón hai un momento do curso que seguimos repetindo e moitas nenas non comprenden que se necesita facer iso”. Aínda que todo cambia cando chegan as competicións. “Nese momento é cando o entenden. Encántalles poñer o maillot, a maquillaxe e saír e facer os exercicios”. Os resultados tamén acompañan



pois as actuacións sobre o tapiz das cativas da escola acumulan numerosas medallas. Entre os seus últimos logros: as do equipo de Iniciación Escolar proclamáronse subcampioas galegas e o club fixo-

se con 8 podios na segunda fase do provincial. “É un orgullo. Si que é certo que cando son pequenas non son moi conscientes, por exemplo nesta categoría de iniciación teñen 5 anos e se noutro torneo ami-

gable quedan primeiras parécelles máis importante. Pero a partir da categoría benxamín xa son máis conscientes”.

MAIOR VISIBILIDADE. Tras disputar o provincial, o Campionato Galego de Promoción e Prebase e a final interescolar, onde conquistaron catro medallas, fan un moi bo balance da tempada. “Estamos moi contentas cos bos resultados que estamos tendo, pero xa non só iso, a nós gústanos destacar o traballo das nenas e ver que evolucionan ben e que están contentas e se encima vén acompañado cunha medalla pois aínda mellor”. Bouso asegura que para ser unha boa ximnasta, máis aló dunhas condicións físicas como pode ser ter flexibilidade, o que prima é unha boa actitude.

“Que che guste o que fas, querer superarte a ti mesma, ter ese afán

de traballar e ser disciplinada, repetir e querer mellorar cada día é o máis importante”. Valores que precisamente lles inculcan nas clases. “Intentamos que sexa así. Nós o que máis notamos que nos demandan as familias é a disciplina, non só o feito de portarme ben e obedecer a unhas normas, senón a disciplina cun mesmo, o dicir propúxeme un obxectivo, quero facelo e veño a adestrar todos os días, sobre todo a partir da categoría infantil”. Estas condicións que Nelly enumera nótanse desfilaro no tapiz, pero tamén fóra del.

“Sobre todo facémolo para preparalas para o día de mañá, porque van ser mulleres cun labor nesta sociedade e que van a formar parte dela e é moi importante a disciplina e eses valores que che inculca o deporte”. Esfuerzo, compromiso e dedicación resumen ben a ximnasia rítmica que esconde horas de traballo para lograr cada un dos movementos e que se vai abrindo paso e gañando recoñecemento. “Vemos que desde as institucións se fai un esforzo por valoralo, xa que é un deporte feito por e para mulleres. Ao final o valor que se fai non é o mesmo que pode ter outro que foi concibido para que practiquen homes e ten unha repercusión mediática maior”.

Como sucede con outras prácticas queda moito por facer. “Empézase a valorar máis o deporte feminino pero observamos que se valora aquel tradicionalmente masculino, que está moi ben, pero hai outros coma o noso que sempre estive-mos aquí e que seguimos estando e que pasamos máis desapercibidos, como se non existiramos ás veces”. Pero as previsións para esta modalidade na que se transmite harmonía, graza e beleza mediante a combinación musical, técnica e teatral son máis que positivas. “Tendo en conta que se está dando máis importancia ao traballo das mulleres, entendemos que se nos irá valorando máis”, conclúe.

RECEPCIÓN EN RIBADEO



No salón de plenos do Concello de Ribadeo tivo lugar unha recepción ás campioas de España Elena Justo e Manuela Lastra, do Club de Piragüismo Altruán. Manuela Lastra vén de proclamarse campioa de España en infantil K1 3000 e Elena Justo é tamén campioa de España en PK3 3000. Recibiron como agasallo un vale de 150 euros en recoñecemento aos seus méritos deportivos.

Fran Rodríguez volve proclamarse campión de España de Loita de Brazos

Francisco Rodríguez quedou campión do XXXII Campionato de España de Loita de Brazos na categoría Senior de 75 kg dereita e presumiu do seu Concello, o de Ourel. Este ourolés consegue así proclamarse campión de España por terceira vez, xa que o ano pasado tamén acadara este posto no torneo de loita de brazos celebrado en Mallorca e fíxoo hai catro anos tamén.

Pola súa parte, Fran Rodríguez ten a intención de seguir medrando, seguir competindo e seguir conseguindo éxitos.



Adamo patrocinará ao equipo SD Xove FS

Adamo Xove FS será a denominación oficial do club lucense de fútbol sala de Xove a vindeira tempada despois de renovar o patrocinio que acaban de asinar a compañía de telefonía e Internet e a entidade deportiva, por cuarta tempada consecutiva.

A duración do novo acordo será dun ano, aínda que ambas as partes coinciden en que poderá estenderse con posterioridade a ese prazo. Así, o Adamo Xove FS lucirá o logo da empresa na parte dianteira do equipamento.

Ao lado da entidade deportiva asinou Antonio Rey, presidente da mesma; e por parte da empresa, David Llano, responsable de Adamo en Galicia tamén asinou.

Cabe destacar tanto o arraigamento do club na súa contorna como os seus éxitos deportivos en distintas categorías: o primeiro equipo concluíu a liga regular en terceira posición e disputou a fase de ascenso, mentres que os cadetes e os xuvenís proclamáronse campións.

O directivo, ademais de celebrar a ampliación do convenio, destacou "o papel que está a desempeñar Adamo no ámbito deportivo de toda a comarca, demostrando un compromiso xenuíno co deporte local".

Como expón Adamo na súa calidade de patrocinador, os compoñentes da organización patrocinada poden acceder a promocións especiais.



O Iberia faise coa Copa Deputación

O Iberia CF puxo o peche de ouro a unha gran tempada tras a vitoria contra o Becerreá no Anxo Carro facéndose así coa Copa Deputación para as categorías de Segunda e Terceira Galicia. Os mariñáns impuxéronse nun encontro moi igualado (1-1) para ambos conxuntos que os levou ata a prórroga na que non houbo cambios e ata a quenda de penaltis, que foron 4-2 para darlle o triunfo e o título ao Iberia.

CADETE. O Ribadeo cadete, pola súa parte, gañou o Torneo Delegación ao marcarlle 6 tantos ao equipo San Roque despois de que este lle gañara nas semifinais ao Porto Burela.

Con isto, o San Roque enfrontouse ao Ribadeo e no minuto 14 meteron un gol, pero en pouco tempo os da Mariña empataron cun tanto de Álvaro

Bautista.

O enfrontamento rematou, na primeira parte, cun empate de ámbolos dous equipos, pero á volta o Ribadeo empezou marcando outro, deixando o marcador 2-1 e dez minutos despois meteu dous goles máis. Aínda tendo gañado o torneo, pecharon a final cun marcador de 6-1.

ASCENSO. A Real Federación Galega de Fútbol fixo públicas as sancións ante os feitos acontecidos no partido da fase de ascenso entre o Vilalbés B e o San Ciprián, cando a agresión a un xogador por parte dun rival derivou nunha liorta á que se sumaron outros xogadores, familiares e afeccionados de ámbolos dous equipos. O xogador xuvenil do Vilalbés B Carlos López, de 17 anos, foi sancionado con 15 partidos pola agresión e cunha multa de 75 euros.

O agredido, Rodrigo Pereira, do San Ciprián tamén recibiu unha sanción de 4 partidos por golpear a outro xogador e tamén deberá pagar 20 euros.

Por outra banda, os dous clubs foron sancionados cunha multa de 300 euros e a clausura das instalacións deportivas polo que deberán xogar os partidos a porta pechada.

O comité tamén decidiu que non se xogarán os tres minutos que quedaban, que eran do tempo de desconto, polo que se recoñece o resultado de 3-1, polo que o Vilalbés B ascenderá de categoría.

Agora queda por saber si se seguirán outro tipo de sancións ou amonestacións a outros xogadores que estiveron na pelexa, algúns deles xogadores tamén doutros equipos, e tamén a moitos dos asistentes que se sumaron á liorta.

Adrián Ben, a un paso dos Xogos Olímpicos de París

Adrián Ben quedou terceiro nos 800 metros lisos do campionato de España que tivo lugar en La Nucía. Este posto asegúralle ao atleta de Viveiro case ao 100 % a súa participación nos Xogos Olímpicos de París deste ano. Ben firmou un tempo de 1:45.45, quedando por detrás de Mohamed Attaoui, cun 1:45.03 e de Elvin Jousé Canales que adiantou ao lucense e logrou un 1:45.53

Remata en Ribadeo o campus CHL Meigas de Hóckey Liña

Remata en Ribadeo o campus CHL Meigas de Hóckey Liña, que se veu celebrando desde o pasado 30 de xuño, organizado polo Concello e polo club de hóckey Isla Pancha. Ata o campus desprazáronse o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, e o alcalde, Daniel Vega. Ademais de recibir consellos e de compartir este campus con primeiros espadas nesta práctica deportiva, os participantes gozaron de surf e praia estes días. O edil de Deportes fixo un balance positivo deste campus: "Foi un éxito, os rapaces aproveitaron moi ben o tempo, e agardamos que este campus teña continuidade en vindeiras edicións".

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

 Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Vegadeo: Ruta do Mazo de Meredo

O percorrido, entre mazos e casonas, permite achegarse ao encanto patrimonial deste municipio asturiano

Trátase dunha ruta de percorrido circular que permite achegarse a parte do atractivo deste municipio asturiano. Comeza en Piantón, un pobo con moito encanto que antigamente foi capital do municipio, situado a uns dous quilómetros de Vegadeo e que revive cada ano a súa tradición da man do Mercado Medieval Honor del Suarón Piantón. Deste núcleo é de visita obrigada, ademais dun paseo pola praza, a súa igrexa, un templo do século XVI que constitúe unha excelente mostra de patrimonio relixioso.

Conta cunha torre-campanario, que lle dá á construción un aspecto aéreo. Nos seus retablos danse cita varias mostras da imaxinería barroca que apostan polo gusto e a tradición local, xunto con pezas do século XIX elaboradas polos "santeiros" locais. Despois de cruzar a Ponte Romana, que realmente data de mediados do século XIX e substituíu a outra supostamente de orixe medieval que se levou unha crecida do río Suarón, ato-

pamos a sinalización de inicio do percorrido, e tomaremos o camiño a man esquerda en dirección a Arcilo.

A senda comeza cun lixeiro ascenso atravesando un profundo bosque de eucalipto, onde se mesturan exemplares de vexetación autóctona como castiñeiros, acivros ou loureiros acompañados por numerosos arroyos. Chegados a Arcilo hai que coller o desvío á dereita continuando o camiño ata Cobre. Despois de cruzar o pobo, aínda que podemos desviarnos ata a ermida de San Pedro, preséntanse dúas posibilidades para chegar a Meredo: un camiño máis directo de 1,5 quilómetros e outro de 3,5 quilómetros pasando por El Foxo, opción que presenta un par de cosas pronunciadas.

Xa na zona de Meredo, tras unhas últimas costas curtas pero empinadas, cruzamos a estrada e descenderemos ata chegar ao Mazo de Meredo, dominado por



unha ferverza que cae con forza dende a presa. Podemos aproveitar para recuperar forzas na área recreativa que o rodea e achegarnos á tradición do ferro e do aproveitamento da forza da auga observando o mazo e o muíño.

Retomando de novo a senda dirixímonos a Arcilo acompañados

durante todo o percorrido polo río Suarón, que verte incansablemente as súas augas á ría do Eo, destacada polo seu importante valor ecolóxico e ornitolóxico. A ruta discorre moi próxima á Casona de Sestelo de finais do XIX, edificio emblemático da comarca aínda que pode ser complicado observala durante o per-

corrido, debido ao crecemento das árbores que a rodean. De regreso cara a Piantón gozaremos dunha boa vista dos vales, unha paisaxe moi humanizada onde poderemos ver prados e terras de cultivo de Vegadeo. Ademais, se aínda quedan forzas, pódese continuar ata a Casa del Rego, que data do século XVIII.



DATOS



4 horas



13 quilómetros



Dificultade media



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.